



DEPUTACIÓN DE LUGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO PRELIMINAR

Disposiciones xerais:

Artigo 1.

O presente Regulamento fórmulase ao abeiro do disposto no artigo 4.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que lles recoñece aos entes locais a potestade de autoorganización, concertado co art. 137 da CE na medida en que lles outorga ás provincias a autonomía garantida constitucionalmente, e co art. 6.1 da Carta Europea de Autonomía Local (15 de outubro de 1985), ratificada por España o 20 de xaneiro de 1988.

A organización e funcionamento da Deputación Provincial de Lugo rexerese polo disposto na Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/99 do 21 de abril; pola Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; pola Lei 57/2003 do 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local; polo RD 781/86, do 18 de abril, texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, e polo disposto no presente Regulamento orgánico.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Con carácter supletorio, e no non previsto no presente Regulamento orgánico, estarase ao disposto no RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

TÍTULO I

ESTATUTO DOS MEMBROS DA DEPUTACIÓN

Capítulo I

ADQUISICIÓN, SUSPENSIÓN E PERDA DA CONDICIÓ DE MEMBRO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL

Adquisición da condición de deputado/a

Artigo 2

Os deputados/as provinciais son elixidos nos termos que se establecen na lexislación electoral xeral.

A determinación do número de membros da Deputación Provincial, o procedemento para a súa elección, a duración do seu mandato, e os supostos de inelixibilidade e incompatibilidades son os regulados na lexislación electoral xeral.

O procedemento de adquisición da condición de deputado/a recóllese no Capítulo II, Sección 1ª, do Título II, do presente Regulamento.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Suspensión da condición de deputado/a

Artigo 3

Os deputados/as provinciais quedarán suspendidos nos seus dereitos, prerrogativas e deberes cando unha resolución firme condenatoria así o estableza.

Perda da condición de deputado/a

Artigo 4

Os/as deputados/as provinciais perderán esta condición polas seguintes causas:

1. - Decisión xudicial firme, que anule a elección ou proclamación.
2. - Falecemento ou incapacitación declarada por decisión xudicial firme.
3. - Extinción do mandato ao expirar o seu prazo.
4. - Por renuncia que deberá facerse efectiva ante o Pleno da Corporación.
5. - Por incompatibilidade nos supostos establecidos pola lexislación electoral.
6. - Por perda da nacionalidade española.

Artigo 5

En caso de falecemento, incapacidade, renuncia ou perda da condición de deputado/a provincial, a súa vacante cubrirase ao ocupar o seu posto un dos/das suplentes elixidos no partido xudicial correspondente, conforme á orde establecida



DEPUTACIÓN DE LUGO

na lexislación electoral xeral.

O Pleno da Corporación Provincial é o competente para declarar a vacante que se produza, e de conformidade coa Instrución da Xunta Electoral Central do 10 de xullo de 2003, deberá indicarse o nome da persoa a quen, a xuízo da Corporación, lle corresponde cubrir a vacante; e deberá comunicárselle tal evento á Xunta Electoral Central, aos efectos de proceder a cubrir a vacante na forma prevista no art. 208.1 da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

En caso de que non fose posible cubrir algunha vacante por ocupar vacantes anteriores os/as tres suplentes escollidos no partido xudicial, procederase a unha nova elección de deputados/as, correspondentes ao partido xudicial de acordo co procedemento establecido na lexislación electoral xeral.

Artigo 6

Son funcións dos deputados/as provinciais:

a) Integrar o Pleno da Deputación, a Xunta de Goberno, no seu caso, e os órganos complementarios da Deputación.

b) Desempeñar as delegacións xerais ou específicas que lles atribúa o presidente/a.

Artigo 7



DEPUTACIÓN DE LUGO

O mandato dos membros da Deputación é de catro anos, contados a partir da data da súa elección.

Unha vez finalizado o mandato, os membros da Deputación cesantes continuarán nas súas funcións unicamente para a administración ordinaria até a toma de posesión dos/das seus sucesores e en ningún caso poderán adoptar acordos para os que legalmente se requira unha maioría cualificada, nin aqueles de administración extraordinaria, entendéndose por tales os que vinculen fondos de futuros exercicios económicos.

Exceptúanse do disposto no apartado anterior os acordos que se adopten por maioría simple que respondan a supostos de urxencia ou que estean dirixidos ao cumprimento de prazos preclusivos impostos por disposicións administrativas, de cuxa inobservancia se poderían derivar prexuízos de interese provincial.

Artigo 8

Son dereitos e deberes dos deputados/as provinciais os regulados na Lei 7/1985 de 2 de abril, e os que se regulan no seu desenvolvemento e aplicación nas disposicións estatais alí mencionadas, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e no presente Regulamento orgánico.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 9

Os deputados/as deberán observar en todo momento as normas sobre incompatibilidades recollidas na Lei electoral e deberán darlle coñecemento á Corporación de calquera feito que puidese constituír causa destas.

Cando se produza unha causa de incompatibilidade e sexa declarada polo Pleno corporativo, o afectado/a por tal declaración deberá optar no prazo dos dez días seguintes a aquel en que reciba a notificación de incompatibilidade, entre a renuncia á súa condición de deputado/a ou ao abandono da situación que dea orixe a tal incompatibilidade.

De transcorrer o prazo sinalado no parágrafo anterior sen exercitar tal opción, entenderase que o afectado renunciou ao seu posto de deputado/a, e o Pleno deberá declarar a correspondente vacante e poñer o feito en coñecemento da Administración electoral, de conformidade co que se establece nos artigos 182 e 208 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

Artigo 10

Os membros da Corporación teñen o dereito e deber de asistiren con voz e con voto ás sesións do Pleno e ás dos demais órganos básicos e complementarios



DEPUTACIÓN DE LUGO

de goberno e administración dos que formen parte, por estaren designados na forma que se determina no presente Regulamento, agás causa que o impida, que lle deberán comunicar coa debida antelación ao presidente/a.

Capítulo II

DEREITOS E DEBERES DOS DEPUTADOS/AS PROVINCIAIS

Sección 1ª. Dereitos honoríficos.

Artigo 11

Os deputados/as provinciais, dende a súa toma de posesión teñen dereito ás honras e distincións propias do cargo que se establezan pola lexislación estatal e autonómica e polo presente Regulamento orgánico; e están obrigados ao cumprimento estrito dos deberes e obrigas inherentes a aquel.

O presidente/a terá o tratamento de ilustrísimo/a e o resto dos deputados/as provinciais o de señorías. O presidente/a posuirá a medalla da Presidencia e o bastón de mando, e todos os membros da Corporación teñen dereito a posuíren a medalla de deputado/a, segundo o disposto no Capítulo sexto, artigo 13 do Regulamento de Honras e Distincións da Excma. Deputación de Lugo, publicado no BOP do 19 de decembro de 2006.

Sección 2ª. Dereitos económicos.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 12

Os deputados/as provinciais poderán percibir retribucións polo exercicio dos seus cargos cando, por decisión do Pleno, deban de prestalo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial. En ambos os dous casos serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ou outras formas de protección sanitaria, e a Corporación asumirá o pagamento das cotas empresariais que correspondan, salvo o disposto no artigo 74 da Lei 7/85.

Así mesmo o Pleno poderalles recoñecer dedicación exclusiva a deputados/as non adscritos.

Os membros da Corporación teñen dereito a percibiren as indemnizacións que lles correspondan, de conformidade co disposto no presente Regulamento orgánico.

A Deputación Provincial consignará nos seus presupostos as retribucións dos membros da Corporación, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan, no seu caso.

Dedicación exclusiva.

Artigo 13

O recoñecemento da dedicación exclusiva a un membro da Corporación



DEPUTACIÓN DE LUGO

esixirá a súa dedicación preferente ás tarefas propias do seu cargo, sen prexuízo de ocupacións marxinais que, en calquera caso, non poderán causar detrimento da súa dedicación á Deputación. En caso de que tales ocupacións fosen remuneradas, requirirase unha declaración formal de compatibilidade por parte do Pleno da Deputación.

A percepción de retribucións será incompatible coa percepción doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións e dos entes e os organismos delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, nos termos da Lei 53/84 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Ao se adoptar o acordo que fixe a dedicación exclusiva, seralle notificado ao interesado/a, quen no prazo de cinco días comunicará a aceptación expresa, entendéndose que se non o fai, rexeita tal réxime.

Dedicación parcial.

Artigo 14

Ademais dos deputados/as que desenvolvan a súa responsabilidade baixo a modalidade de dedicación exclusiva, recoñécese que determinados deputados/as que desenvolvan responsabilidades que así o requiran, poderán exercelas a tempo ou dedicación parcial. A dedicación parcial debe ser aceptada, así mesmo, polo



DEPUTACIÓN DE LUGO

interesado/a.

Os membros da Corporación provincial que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizaren funcións de Presidencia, Vicepresidencia ou por exerceren delegacións, ou desenvolveren responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva a estas.

Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparellada esta dedicación parcial e as súas retribucións, deberase expresar o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións.

Os acordos referentes ás retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e o seu réxime, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e fixaranse no taboleiro de edictos.

Indemnizacións

Artigo 15

Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos realizados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que no seu desenvolvemento aprobe o Pleno corporativo.

Para tal efecto, e de conformidade coa lexislación estatal poderán percibir:



DEPUTACIÓN DE LUGO

Axudas de custo

Cantidade que se percibe diariamente para satisfacer os gastos que orixina a estancia fóra da residencia oficial nos casos previstos no artigo 5º do Real Decreto 462/2002 do 24 de maio sobre indemnizacións por razóns de servizo.

Gastos de locomoción

Cantidade que se aboa pola utilización de calquera medio de transporte por razón de servizo.

As contías e condicións serán fixadas polo Pleno.

Asistencias

Artigo 16

Todos os deputados/as, a excepción daqueles ou daquelas que desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva e parcial, poderán percibir indemnizacións pola asistencia efectiva, nos termos e na contía que estableza o Pleno da Corporación. Porén, todos e todas poderán percibir esta clase de indemnizacións cando se trate de órganos reitores de organismos dependentes da Corporación local, que teñan personalidade xurídica independente, ou de Consellos de Administración de empresas con capital ou control provincial.



DEPUTACIÓN DE LUGO

A contía das asistencias deberá ser igual para todos os deputados/as, sen prexuízo da diferenza que poida existir en función do órgano ao que asiste.

A Corporación consignará nos seus orzamentos as indemnizacións e asistencias, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan, no seu caso na lexislación do Estado.

Artigo 17

Os acordos sobre indemnizacións e asistencias deberán publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos, e poderán actualizarse anualmente.

Sección 3ª. Dereito á información.

Artigo 18

Todos os membros da Corporación teñen dereito a obter do presidente/a ou da Xunta de Goberno, cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos provinciais e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

No dereito de acceso aos expedientes administrativos inclúense todos os documentos que a Administración recibe, xera, conserva e difunde; é dicir que o



DEPUTACIÓN DE LUGO

devandito dereito afecta aos documentos que, formando parte dun expediente, obren nos arquivos administrativos, e non se refire en ningún caso á elaboración de documentos, listados ou información que non estean unidos aos expedientes.

A consulta xeral de calquera expediente ou de antecedentes documentais poderá realizarse, ben no Arquivo xeral ou na dependencia na que se atopen, ben mediante a súa entrega ou de copia, ao membro da Corporación interesado/a para que poida examinalos.

O libramento de copias limitarase aos casos de acceso libre dos membros da Corporación á información e aos casos en que o autorice expresamente a Presidencia, que será obrigatorio facilitar cando se trate de información á que teña libre acceso calquera cidadán.

Artigo 19.

O dereito á información dos membros da Corporación canalizarase na forma e termos prevista nos artigos 14, 15 e 16 do R.D. 2568/1986 do 28 de novembro do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais mentres non se modifique.

A petición de información ha de ser concreta e específica, non xenérica nin indeterminada, e compatible co normal desenvolvemento dos servizos provinciais. A solicitude dirixida á Presidencia, deberá reunir os requisitos anteriores, e debera de



DEPUTACIÓN DE LUGO

ser resolta motivadamente no prazo de cinco días a contar dende a data de solicitude. Se no devandito prazo non se produce resolución expresa, entenderase concedida por silencio administrativo, sen que en ningún caso se entendan adquiridos por silencio máis dereitos que os que se poden adquirir por resolución expresa.

En todo caso serán denegadas as peticións de consulta que supoñan un abuso de dereito por evidenciar unha finalidade claramente obstrucionista, e as que sexan manifestamente incongruentes cos motivos alegados.

Artigo 20

Os servizos administrativos da Deputación están obrigados a lles facilitar aos deputados/as o acceso á información sen necesidade de solicitude previa nos seguintes casos:

a) Cando os deputados/as desempeñen delegacións ou responsabilidades de xestión e a información solicitada estea relacionada co ámbito dos cargos que desempeñan.

b) Cando soliciten documentación referida aos asuntos que estean incluídos na orde do día das sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

c) Cando soliciten acceso ás resolucións e/ou acordos adoptados por calquera



DEPUTACIÓN DE LUGO

órgano provincial.

d) Cando soliciten información á que teña libre acceso calquera cidadán.

Artigo 21

O exercicio deste dereito estará sometido ao seguinte réxime:

A consulta e o exame concreto dos expedientes ou documentos de que se trate poderá realizarse na dependencia provincial na que se atopen ou mediante entrega ao deputado/a interesado para que os poida consultar na sala destinada a ese fin no Palacio Provincial, no caso de se dispoñer dela. En ningún caso os expedientes, libros ou documentación poderá saír do Palacio Provincial, ou das correspondentes dependencias.

Artigo 22

A xestión do dereito á información levarase a cabo nos servizos dependentes da Secretaría Xeral.

b) A consulta dos libros de actas e de resolucións realizarase na Secretaría Xeral da Deputación.

c) O exame dos expedientes incluídos na orde do día dunha sesión realizarase no lugar no que se poñan de manifesto a partir da convocatoria,



DEPUTACIÓN DE LUGO

concretamente nas dependencias da Secretaría Xeral da Deputación.

d) O horario para o exame e consulta dos expedientes e documentos será o xeral de funcionamento da administración provincial.

Artigo 23

O exame e consulta dos expedientes que figuran na orde do día dos órganos colexiados someterase ás seguintes normas:

a) Efectuarase sen necesidade de previa autorización, directamente polos deputados/as membros do respectivo órgano colexiado durante as horas de oficina, na dependencia en que obren os documentos, sen que en ningún caso se admita o seu traslado a outro lugar.

b) Os expedientes incluídos na orde do día do Pleno e da Xunta de Goberno examínanse na Secretaría Xeral.

c) Os expedientes incluídos na orde do día das Comisións Informativas examínanse nas respectivas unidades administrativas, sempre en presenza do seu funcionario responsable.

Artigo 24

Os membros corporativos poderán obter libremente copias ou fotocopias dos



DEPUTACIÓN DE LUGO

seguintes documentos:

- a) Actas das sesións e reunións dos órganos colexiados definitivamente aprobadas.
- b) Decretos da Presidencia transcritos no libro de resolucións.
- c) Documentación dos expedientes incluídos na orde do día dos órganos colexiados.

Para efectuar copias ou fotocopias do resto dos documentos non relacionados anteriormente requirirase autorización previa da Presidencia, na forma que establece o apartado 2 do artigo dezanove, sen que iso inflúa no normal desenvolvemento dos servizos provinciais.

Artigo 25

En ningún caso terán dereito de acceso á información daqueles datos que obren nas dependencias provinciais que afecten á intimidade da persoa e estean constitucional e legalmente protexidos.

Os membros da Corporación e os/as empregados públicos ao seu servizo están obrigados a gardaren sixilo daqueles asuntos que coñezan por razón do cargo, sen prexuízo do dereito de información que teñen os membros da Corporación e calquera cidadán.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Capítulo III

DEBERES DOS DEPUTADOS/AS PROVINCIAIS

Artigo 26

Os deputados/as provinciais, unha vez que tomen posesión do seu cargo, están obrigados ao cumprimento dos deberes e obrigas inherentes a este, e especialmente a asistiren ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

A Presidencia da Deputación, despois de oír ao deputado/a e a Xunta de Voceiros, pode sancionar a falta inxustificada de asistencia ás sesións ou o incumprimento reiterado das súas obrigas, sempre que as infraccións se consideren graves, moi graves e leves, logo de expediente, dentro dos límites sinalados no art. 141 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

Artigo 27

Sen prexuízo das causas de incompatibilidade establecidas pola Lei, os deputados/as deberán absterse de participaren na deliberación, votación, decisión e execución de todo asunto, cando concorran algunha das causas de abstención ás que se refire a lexislación de procedemento administrativo e contratos das Administracións públicas. A actuación dos membros nos que concorran tales motivos implicará, cando sexa determinante, a invalidez dos actos nos que interviñeran.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Cando a Presidencia teña coñecemento de que un deputado/a está en causa de incompatibilidade, logo da súa audiencia de, poderá recusalo/a. Se é un asunto que se somete a unha sesión, e se suscita a cuestión na mesma sesión, a Presidencia poderá recusar o deputado/a, logo de audiencia. Para tal efecto, a Presidencia preguntaralle expresamente se ten algo que alegar. Só despois da audiencia do deputado/a, e cando sexa manifesto e patente que o deputado/a está suxeito/a a incompatibilidade, a Presidencia poderá ordenar, baixo a súa responsabilidade, que abandone a sesión.

Capítulo IV

REXISTRO DE INTERESES DOS DEPUTADOS/AS PROVINCIAIS

Artigo 28

Todos os membros da Corporación formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou lle poida proporcionar ingresos económicos.

Formularán así mesmo declaración de todos os seus bens e dereitos patrimoniais.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 29.

Ambas as dúas declaracións, efectuadas nos modelos aprobados pola Xunta de Goberno, realizaranse antes da toma de posesión, con ocasión do cesamento e cando se modifiquen as circunstancias de feito.

Tales declaracións inscribiranse no Libro rexistro de intereses e actividades na Deputación; e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 30

O Rexistro constituirase na Secretaría Xeral da Corporación, baixo a dependencia directa do secretario, e correspóndelle a este a súa custodia e dirección. O secretario poderá designar persoal colaborador neste servizo.

A declaración formularase en formato normalizado aprobado pola Xunta de Goberno, e será asinada e rubricada polo interesado e polo secretario xeral na súa calidade de fedatario público. As devanditas declaracións poderán conformar, a criterio do Sr. secretario xeral, o Libro-Rexistro de intereses, debidamente encadernadas.

Artigo 31



DEPUTACIÓN DE LUGO

As declaracións que se produzan por variacións durante o mandato corporativo inscribíranse, igualmente, no Libro de Rexistro correspondente, como "Declaración complementaria", indicando o folio da declaración inicial.

O prazo para facer constar as variacións será dun mes, contado a partir do día seguinte ao que se producisen.

As declaracións con ocasión do cesamento anotaranse igualmente no Libro na forma prevista para as de toma de posesión.

Artigo 32

O acceso aos datos contidos no Rexistro de intereses no que afecte a incompatibilidades e actividades terán carácter público. A tal fin deberase solicitar polos interesados/as certificación ante a Secretaría Xeral, e deberá sinalarse o motivo; entendéndose outorgada se no prazo de 10 días non se recibe contestación polo petionario. Non se poderán realizar, baixo ningún concepto, fotocopias da declaración. O órgano competente para resolver é a Presidencia, sen que poida ser delegada tal atribución en ningún outro deputado/a provincial.

A resolución expresa ou presunta da petición de acceso ao Rexistro de intereses na súa modalidade de incompatibilidades e actividades deberá ser notificada ao deputado/a correspondente.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 33

O acceso ó Rexistro de Bens Patrimoniais seguirá o mesmo procedemento que para o Rexistro de incompatibilidades e actividades.

Capítulo V

GRUPOS POLÍTICOS E DEPUTADOS/AS NON ADSCRITOS

Sección 1ª. - Grupos políticos.

Artigo 34

Os deputados/as aos efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos, que se corresponderán cos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que obtiveran postos na Corporación; agás o disposto para os deputados/as non adscritos.

Todos os grupos políticos terán dereito a formar parte dos órganos colexiados en proporción ao número dos seus membros.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Cada partido político, federación, coalición ou agrupación constituirá un único grupo.

Ninguén pode pertencer simultaneamente a máis dun grupo.

Integraranse, en todo caso, no Grupo Mixto os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non obtivesen un mínimo de dous deputados/as.

No suposto de que non existise Grupo Mixto, este quedará constituído polo membro do partido político, federación, coalición ou agrupación que obtivera un só deputado/a.

Durante o mandato da Corporación, ningún dos seus membros poderá integrarse nun grupo distinto daquel no que o faga inicialmente.

Os deputados/as pertencentes a unha mesma formación electoral non poderán constituír grupo separado diferente a aquel no que se integren inicialmente, agás no caso de candidaturas presentadas como coalición electoral cando algún dos partidos políticos que a integran decida abandonala, en cuxo caso poderán constituírse grupos políticos independentes coa denominación do partido político correspondente.

Artigo 35

Os grupos políticos constituiranse mediante escrito dirixido ao presidente/a e



DEPUTACIÓN DE LUGO

subscrito por todos os seus integrantes, que se presentará no Rexistro Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación. Se algún deputado/a non asinase o escrito de constitución do grupo, iso non impedirá a súa constitución e os non asinantes integraranse no Grupo Mixto.

No mesmo escrito de constitución farase constar a designación do voceiro/a do grupo, podendo designarse tamén suplentes.

Da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e voceiros, o presidente/a daralle conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre ao se cumprir o prazo previsto anteriormente.

Para os efectos organizativos de canalizar a súa actuación corporativa, os deputados/as non adscritos poderán constituír un ente de base asociativa entre deputados/as non adscritos a ningún grupo corporativo; pero non serán considerados en ningún caso como grupo político.

A constitución do ente de base asociativa de deputados/as non adscritos efectuarase mediante escrito dirixido ao presidente/a subscrito por todos os deputados/as que o integren no que constará o acordo adoptado por os seus integrantes e o seu representante.

Artigo 36

Cando a maioría dos deputados/as dun grupo político abandonen a formación



DEPUTACIÓN DE LUGO

política que presentou a candidatura pola que concorreron ás eleccións ou sexan expulsados desta, serán os deputados/as que permanezan na citada formación política os lexítimos da Corporación poderá dirixirse ao representante legal da formación política que presentou a correspondente candidatura aos efectos de que notifique a acreditación das circunstancias sinaladas.

Os membros da Corporación que adquiren a súa condición con posterioridade á súa sesión constitutiva deberán incorporarse ao grupo correspondente á lista na que fosen elixidos ou, no seu caso, ao Grupo Mixto. No primeiro suposto disporán dun prazo de cinco días hábiles, que comezará a contar dende que tomen posesión do seu cargo, para acreditaren a súa incorporación ao grupo que corresponda mediante escrito dirixido ao presidente/a e asinado, así mesmo, polo correspondente voceiro, dándosele conta ao Pleno. De non o facer, consideraranse non adscritos.

Se non se produce a súa integración na forma prevista no apartado anterior, e salvo que mediase causa de forza maior, integraranse automaticamente no grupo correspondente á lista na que saísen elixidos.

Artigo 37

Correspóndelles aos grupos políticos designar, mediante escrito do seu voceiro dirixido ao presidente/a, aqueles compoñentes que os representarán en todos os órganos colexiados integrados por corporativos pertencentes a diversos grupos.

As funcións e atribucións dos grupos políticos entenderanse, en calquera



DEPUTACIÓN DE LUGO

caso, sen prexuízo das que a lexislación de réxime local lles atribúa aos órganos provinciais e aos membros da Corporación.

Artigo 38

A Deputación Provincial porá disposición dos diversos grupos políticos, na sede da entidade, un despacho ou local para se reuniren de xeito independente e para recibiren visitas dos cidadáns.

Os grupos políticos poderán facer uso de locais de reunión da Corporación para celebraren reunións e sesións de traballo con asociacións para a defensa dos intereses colectivos, xerais ou sectoriais da poboación. Estas reunións non se autorizarán se coinciden con sesións do Pleno ou porque o impida a dispoñibilidade de espazos para outros actos político-administrativos da Corporación.

Neste caso será oída a Xunta de Voceiros.

Artigo 39

O Pleno da Corporación, con cargo aos seus orzamentos anuais, poderá asignarlles aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun



DEPUTACIÓN DE LUGO

compoñente fixo, idéntico para todos os grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un de eles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas leis de orzamentos xerais do Estado, e sen que se poida destinar ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación á que se refire o parágrafo anterior, que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida.

Artigo 40

A Deputación Provincial, mediante acordo do Pleno, e nos termos que nel se establezan, facilitaralles así mesmo persoal eventual aos grupos políticos. Así mesmo poderase adscribir aos grupos persoal da propia Deputación, cando así solicite o voceiro do grupo e coa aceptación expresa do interesado/a.

O persoal eventual será nomeado pola Presidencia por proposta dos voceiros/as dos correspondentes grupos, e percibirán as retribucións que figuren na relación de postos de traballo da Deputación.

Este dereito poderallo recoñecer o Pleno aos deputados/as non adscritos, logo de acordo, se é o caso, subscrito entre estes, dirixido ao presidente/a da Corporación.



DEPUTACIÓN DE LUGO

A relación de persoal eventual e as súas retribucións aparecerán no "Equipo de persoal eventual" que con este fin aproba a Corporación Provincial ao comezo do seu mandato, e só se poderá modificar con motivo da aprobación dos orzamentos anuais.

Sección 2ª. – Deputados/as non adscritos

Artigo 41

Os deputados/as provinciais que non se integren no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen ou sexan expulsados do seu grupo de procedencia, terán a consideración de membros non adscritos, agás o disposto no artigo 34 deste Regulamento en relación aos partidos políticos que se presenten como coalición electoral.

Dereitos de participación política.

Artigo 42

Os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos non poderán ser superiores aos que lles correspondesen de permaneceren no grupo de procedencia, e exerceranse na forma que se determina neste Regulamento.

Os deputados/as non adscritos participarán nos órganos colexiados na mesma



DEPUTACIÓN DE LUGO

proporción que os grupos políticos.

Os deputados/as non adscritos a ningún grupo político terán os mesmos dereitos de participación política que o resto dos deputados/as. Polo tanto, os deputados/as non adscritos poderán pertencer ás Comisións Informativas en atención aos criterios de proporcionalidade previstos no artigo 61 deste Regulamento. Tamén poderán pertencer aos órganos colexiados nos que participe a Corporación Provincial, na forma que determine o Pleno, cando a designación sexa da súa competencia. Os deputados/as non adscritos poderán asumir, se é o caso, as competencias que lles atribúa o presidente/a.

Dereitos económicos

Artigo 43

Os deputados/as non adscritos percibirán o compoñente variable sinalado para os grupos políticos, pero non o compoñente fixo.

TÍTULO II

ORGANIZACIÓN DA DEPUTACIÓN

Capítulo I



DEPUTACIÓN DE LUGO

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 44

Son órganos necesarios desta entidade, conforme á Lei de bases de réxime local e Lei de administración local de Galicia:

Unipersoais:

- O presidente/a
- Os vicepresidente/as

Colexiados:

- O Pleno da Corporación
- A Xunta de Goberno
- As Comisións Informativas, de estudo, informe ou consulta e de seguimento da xestión do presidente/a, da Xunta de Goberno ou dos deputados/as que ostentasen delegacións; e a Comisión Especial de Contas.

Artigo 45

Son órganos complementarios:

- Os deputados/as delegados.
- As Comisións Informativas especiais de carácter transitorio, que cesarán unha vez rematada a súa comisión.



DEPUTACIÓN DE LUGO

- O Consello Económico e Social.
- Os Consellos sectoriais.
- O Consello de Goberno.
- A Xunta de Voceiros.
- Os órganos desconcentrados e descentralizados para a xestión de servizos.

Correspóndelle ao Pleno da Corporación e ás Comisións Informativas de seguimento o control e fiscalización dos órganos de goberno.

Capítulo II

O PRESIDENTE/A

Sección 1ª. - Constitución da Corporación Provincial e elección do presidente/a.

Artigo 46

A elección e destitución do presidente/a, rexerase polo disposto na lexislación electoral xeral, sen prexuízo da aplicación das normas relativas ao réxime de sesións plenarias da Deputación.

A elección de deputados provinciais é de segundo grao, xa que son elixidos polos concelleiros/as dos Concellos.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Unha vez realizada a asignación de postos de deputados/as, a Xunta Electoral convocará por separado, dentro dos cinco días seguintes, aos concelleiros/as dos partidos políticos, coalicións, federacións e agrupacións, que obtiveran postos de deputados/as, para que elixan de entre as listas de candidatos avaladas polo menos por un terzo dos devanditos concelleiros/as, os que deban de ser proclamados deputados/as, elixindo ademais tres suplentes para cubriren pola súa orde as eventuais vacantes.

Efectuada a elección, a Xunta Electoral de Zona proclama os deputados/as electos e os suplentes, expide as credenciais correspondentes e remítelle á Xunta Electoral Provincial e á Deputación Provincial certificacións dos deputados/as electos en cada partido xudicial.

Artigo 47

A Deputación Provincial réunese en sesión constitutiva o quinto día posterior á proclamación dos últimos deputados/as provinciais electos, ás doce horas na sede da devandita Corporación, despois de lle entregar as respectivas credenciais ao secretario de Corporación.

O cómputo do prazo dos cinco días realizarase a partir da última reunión de calquera das xuntas electorais de zona.

Se na data e hora sinaladas para celebrar a sesión constitutiva da Deputación



DEPUTACIÓN DE LUGO

Provincial concorre a ela un número inferior á maioría absoluta de deputados/as electos, estes entenderanse convocados automaticamente para celebraren a sesión constitutiva dous días hábiles despois e no mesmo lugar.

Nesta segunda convocatoria a Corporación quedará constituída, calquera que for o número de deputados/as que concorran.

Artigo 48

A sesión constitutiva estará presidida por unha mesa de idade integrada polos deputados/as de maior e menor idade presentes no acto e actuará como secretario o secretario da Corporación, para elixir presidente/a.

A mesa de idade procede á comprobación das credenciais presentadas polos deputados/as, con base nas certificacións remitidas polas xuntas electorais de zona de cada un dos partidos xudiciais que compoñen a provincia. Así mesmo a Mesa comproba o cumprimento do requisito de presentaren a declaración de intereses á que se refire o art. 75.7 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e este Regulamento.

Polo Sr. secretario procederase ao chamamento dos deputados/as para que presten xuramento ou promesa.

Concluídos os trámites precedentes, e no suposto de que o número de



DEPUTACIÓN DE LUGO

deputados/as presentes fose igual ou superior á maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e que todos eles reúnan os requisitos legais para a toma de posesión, o presidente/a da mesa declara constituída a Corporación Provincial.

Artigo 49

Deseguido, e de conformidade co disposto na lexislación de réxime electoral así como na lexislación de réxime local, o presidente/a da mesa anunciará a elección de presidente/a da Deputación.

Poden ser candidatos ao cargo de presidente/a, calquera dos deputados/as provinciais.

A elección farase por votación secreta. Para estes efectos entregaráselles aos deputados/as unha papeleta en branco co fin de que emitan o seu voto.

O Sr. secretario irá chamando nominalmente todos os deputados/as, que irán depositando a papeleta, co nome proposto, nunha urna destinada a tal efecto. O presidente/a da mesa recontará un por un, os nomes dos candidatos votados, e será necesaria para a elección a obtención da maioría absoluta, en primeira votación. En caso de que esta non se producise, procederase a realizar unha segunda votación, na que resultará elixido o candidato/a que obteña a maioría simple dos votos dos presentes.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Se algún dos candidatos/as obtén a maioría absoluta de votos en primeira votación ou simple en segunda, o presidente/a da mesa proclamarao presidente/a electo da Deputación.

No suposto de empate na segunda votación, a elección de presidente/a resolverase a favor do candidato/a que pertenza ao partido ou coalición ou grupo electoral que obtivese maior número de votos na provincia nas eleccións municipais.

Artigo 50

A votación da moción de censura tamén será secreta.

A cuestión de confianza pode ser por votación secreta se o presidente/a así o acorda.

Artigo 51

Unha vez aceptado o cargo, quen resulte proclamado presidente/a tomará posesión ante o mesmo Pleno da Corporación, de conformidade coa forma xeral establecida para a toma de posesión dos cargos públicos, mediante a prestación de xuramento ou promesa.

Se non estiver presente na sesión de constitución, sería requirido para tomar posesión no prazo de 48 horas, igualmente ante o Pleno corporativo. En caso de non o facer, estarase ao disposto na lexislación electoral para os casos de vacante da



DEPUTACIÓN DE LUGO

Presidencia.

Efectuada a toma de posesión, o presidente/a da mesa de idade entregaralle ao presidente/a elixido, o bastón de mando e os demais distintivos na forma prevista no Regulamento de Honras e Distincións da Deputación de Lugo; e pasará a ocupar a Presidencia.

Artigo 52

O presidente/a poderá renunciar ao seu cargo sen perder por iso a súa condición de deputado/a provincial.

A Presidencia poderá quedar vacante por renuncia do seu titular, aceptada polo Pleno, por falecemento ou por sentenza firme.

Tamén cesará con motivo da moción de censura e cuestión de confianza.

Artigo 53

Vacante a Presidencia, procederase á convocatoria da sesión extraordinaria para proceder á elección de presidente/a, que haberá de celebrarse o décimo día hábil ás doce horas.

Para tales efectos entenderase como data inicial da renuncia, a data da



DEPUTACIÓN DE LUGO

aceptación polo Pleno, a data do falecemento, a da notificación da sentenza ou a data do Pleno á que se refire o nº 4 do artigo 197-bis da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

Sección 2ª. - Atribucións do presidente/a

Artigo 54

Correspóndelle ao presidente/a, en todo caso:

1. Dirixir o goberno e a administración da provincia.
2. Representar a Deputación, e presidir todos os actos públicos de carácter provincial sen prexuízo do disposto no Regulamento de Honras e Distincións da Excma. Deputación de Lugo.
3. Convocar, presidir, suspender e levantar as sesións do Pleno, da Xunta de Goberno, e de calquera outro órgano provincial; agás a convocatoria dos Plenos de control, así como decidir os empates co voto de calidade.
4. Nomear e separar os vicepresidente/as e os membros da Xunta de Goberno, dándolle conta ao Pleno.
Nomear e separar así mesmo os membros das Comisións Informativas por proposta dos respectivos grupos políticos.
5. Publicar, executar e facer cumprir os acordos da Deputación Provincial.
6. Facer cumprir as ordenanzas e os regulamentos provinciais, podendo exercitar a potestade sancionadora, nos termos que sinala o artigo 141 da



DEPUTACIÓN DE LUGO

Lei 7/1985 de bases de réxime local.

7. Resolver os conflitos de atribucións que xurdan entre órganos e entidades dependentes da Deputación e non atribuídas expresamente ao Pleno nos termos do art. 50 da Lei de bases de réxime local.
8. Ditar resolucións específicas constitutivas de mandato ou prohibición intervindo a actividade dos particulares, coa finalidade de tutelar e garantir o interese público provincial, sempre que tal actividade administrativa, de carácter restritivo, conte co correspondente soporte legal ou regulamentario que a habilite.
9. Dirixir, impulsar e inspeccionar as obras e servizos cuxa execución ou realización se acordara, solicitando os asesoramentos técnicos necesarios.
10. Aprobación de todos os proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, sen prexuízo das delegacións realizadas na Xunta de Goberno, Capítulo V, Sección 2ª, artigo 59 do presente Regulamento.
11. Presidir as mesas de contratación por poxa ou concurso, para as obras, subministracións, servizos, concesións administrativas e demais contratos.
12. Adxudicar as contratacións de toda clase de contratos menores, especiais ou privados, de contía análoga á dos menores, regulados na Lei de contratos do sector público.
13. Resolver a devolución das fianzas definitivas depositadas polos contratistas en relación cos contratos da súa competencia, de existiren.
14. Interpretar, modificar e resolver os contratos administrativos sobre os que teña competencia, resolvendo as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.



DEPUTACIÓN DE LUGO

- 15.** Ordenar a directa execución de obras, prestación de servizos ou realización de adquisicións ou subministracións indispensables con ocasión de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten directamente á seguridade pública, dándolle conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.
- 16.** Subscribir escrituras e documentos, a formalización de todos os contratos, así como os Convenios de colaboración nos que participe a Deputación, con independencia da competencia para a súa aprobación.
- 17.** Desempeñar a xefatura superior de persoal.
- 18.** Aprobar a oferta de emprego público de acordo co cadro de persoal e co orzamento aprobado polo Pleno.
- 19.** Ordenar a instrución de expedientes disciplinarios, e apercibir e suspender preventivamente a toda clase de persoal.
- 20.** A separación do servizo de todo o persoal funcionario e despedimento do persoal laboral.
Esta atribución enténdese sen prexuízo do disposto no art. 99.4 da Lei 7/85.
- 21.** Asignación individualizada do complemento de produtividade e das gratificacións, conforme ás normas estatais e da propia Corporación, reguladoras das retribucións do persoal ao servizo das corporacións locais. Así como a concesión de indemnizacións especiais por razón de servizo e cargo, por motivos de actividades extraordinarias non habituais.
- 22.** Recoñecemento do grao persoal consolidado e dos trienios. Autorización da permuta de prazas ou postos. O outorgamento de permisos e licenzas.



DEPUTACIÓN DE LUGO

A asignación de comisións de servizos e demais situacións de natureza análoga ás citadas e axudas sociais e médico-farmacéuticas ao persoal da entidade, con suxeición ao crédito global e posibles criterios que, no seu caso, estableza o Pleno da Corporación.

- 23.** Nomear e destituír o persoal interino, laboral temporal e eventual, de conformidade coa lexislación vixente.
- 24.** Resolver as convocatorias para a provisión de postos de traballo de libre designación.
- 25.** Asignar o persoal laboral aos distintos postos de traballo previstos nas correspondentes relacións de postos de traballo.
- 26.** O desenvolvemento da convocatoria de eleccións aos órganos de representación do persoal funcionario da entidade.
- 27.** Contratación de persoal en réxime laboral de carácter temporal, para cubrir necesidades que demanden os servizos provinciais nas súas diversas manifestacións de contrato laboral temporal.
- 28.** Formar os proxectos de orzamentos, coa antelación necesaria para que poidan ser aprobados pola Deputación Provincial no prazo legalmente establecido. Así como aprobar a liquidación do orzamento.
- 29.** Recoñecer e liquidar as obrigas derivadas de compromisos de gasto legalmente adquirido.
- 30.** Desenvolver a xestión económica provincial conforme ao orzamento aprobado e ás súas bases, dispoñer os gastos dentro dos límites da súa competencia e autorizar os documentos que impliquen formalización de ingresos en tesouraría (arts. 14, 15, 16 ROFEL).



DEPUTACIÓN DE LUGO

- 31.** Aprobar as facturas que correspondan ao desenvolvemento normal do orzamento e desenvolvemento dos contratos, así como as correspondentes certificacións de obras, de contratos vixentes; e ordenar todos os pagamentos que se efectúen con fondos provinciais.
- 32.** Organizar os servizos de Recadación e Tesouraría, sen prexuízo da facultade do Pleno para aprobar a forma de xestión destes servizos.
- 33.** Impulsar a xestión recadatoria do Servizo Provincial de Recadación.
- 34.** Concertar operacións de crédito, con exclusión das consideradas no art. 158.5 da Lei 39/98 do 28 de decembro, sempre que aquelas estean previstas no orzamento, e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o 10% dos seus recursos ordinarios, salvo as de tesouraría, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos liquidados.
- 35.** Ditar os actos de aplicación e efectividade individualizada dos tributos provinciais e daqueles que teña encomendados, e resolver os recursos que, contra eles, deducisen os interesados.
- 36.** Resolver as discrepancias en materia de fiscalización económica, non expresamente atribuídas ao Pleno, nos termos do art. 198 da Lei reguladora das facendas locais.
- 37.** Coordinar e impulsar a administración, conservación e mellora do patrimonio provincial.
- 38.** Adquisición de bens e dereitos cuxo orzamento non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ata un máximo de 3.000.000 de euros.



DEPUTACIÓN DE LUGO

- 39.** Alleamento de bens, cando o seu orzamento non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, e ata un máximo de 3.000.000 de euros, salvo os de valor histórico artístico que lle corresponden sempre ao Pleno.
- 40.** Aceptación de bens por herdanza, legado ou doazón a título gratuito.
- 41.** Conceder subvencións na contía que determinan os orzamentos, e aprobar os convenios de colaboración con outras administracións locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación.
- 42.** O exercicio daquelas competencias que en cumprimento do deber de asistencia aos municipios estes últimos lle encomenden á Deputación Provincial, e estean comprendidas nalgún dos apartados anteriores.
- 43.** A xustificación das subvencións será tamén competencia do presidente/a, salvo as relativas aos Plans de Comunidades Veciñais, que queda delegada na Xunta de Goberno.
- 44.** Asegurar a xestión dos servizos propios da Comunidade Autónoma cuxa xestión ordinaria lle encomendara esta última á Deputación Provincial.
- 45.** Concesión de licenzas para construcións nos casos que procedan, de conformidade coa lexislación vixente, de obras próximas ás estradas provinciais, así como a sanción de infraccións, e ordes de derrubamento, despois do correspondente expediente, e nos casos que proceda.
- 46.** Aprobar os expedientes de ingreso de persoas en establecementos provinciais.
- 47.** Iniciativa para propoñer ao Pleno a declaración de lesividade en materia da súa competencia.



DEPUTACIÓN DE LUGO

48. O exercicio de accións xudiciais e administrativas en defensa dos actos en materia da súa competencia da Deputación Provincial con carácter de urxencia; e nos demais casos de actos administrativos propios do presidente/a cando o considere oportuno aínda que realizase a delegación na Xunta de Goberno.
49. Resolver as reclamacións de responsabilidade patrimonial da administración cando a súa contía sexa igual ou inferior á dos contratos menores de obras.
50. O exercicio de aquelas outras atribucións que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas lles asignen á Deputación Provincial e non estean expresamente atribuídas a outro órgano, salvo en materia de contratación.
51. Resolver as discrepancias en relación coa formulación de reparos por parte dos servizos económicos e os informes correspondentes da Asesoría Xurídica.

Capítulo III

VICEPRESIDENTE/AS

Artigo 55

Os vicepresidente/as son nomeados e separados polo presidente/a entre os deputados/as provinciais pertencentes á Xunta de Goberno, dándolle conta ao Pleno para o seu coñecemento, sen prexuízo da súa inmediata validez executiva.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Ademais das delegacións que lles poida conferir o presidente/a, substitúeno/a pola orde do seu nomeamento en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento de calquera orde.

O nomeamento notificaráselle persoalmente aos designados/as, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da sinatura da resolución polo presidente/a, se nela non se dispón outra cousa. Así mesmo, o devandito nomeamento/os publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

A condición de vicepresidente/a pérdese, ademais de polo cesamento, por renuncia expresa manifestada por escrito e por perda da condición de membro da Xunta de Goberno.

Nos supostos de substitución do presidente/a/a por razóns de ausencia ou enfermidade, o vicepresidente/a que asuma as súas funcións non poderá revogar as delegacións que outorgase o primeiro en virtude das facultades de delegación que lle atribúe este Regulamento.

Capítulo IV

O PLENO DA CORPORACIÓN

Sección 1ª. - Constitución do Pleno.

Artigo 56



DEPUTACIÓN DE LUGO

O Pleno da Corporación constituirase na forma sinalada no Capítulo II, Sección 1ª do Título II do presente Regulamento.

Sección 2ª. - Atribucións do Pleno.

Artigo 57

O Pleno da Deputación, constituído polo presidente/a e vinte e catro deputados/as, exerce as atribucións e competencias que lle confire a Lei básica local e demais normas pertinentes e cantas outras lle atribúan as disposicións xerais ou sectoriais, sen prexuízo das delegacións que confire o presente Regulamento.

1. Organización da Deputación Provincial.
2. Elección do presidente/a da Deputación.
3. O control e fiscalización dos órganos de goberno.
4. Convocatoria do Pleno de Control.
5. Aprobación e modificación do Regulamento Orgánico da Corporación.
6. Aprobación das ordenanzas.
7. Determinación dos recursos propios de carácter tributario.
8. Acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais ou supraprovinciais así como a adhesión ás mesmas e a aprobación e modificación dos seus estatutos.
9. Creación ou supresión de órganos desconcentrados da Administración.
10. A adopción ou modificación da bandeira ou escudo.



DEPUTACIÓN DE LUGO

11. Aprobación da Conta Xeral.
12. Aprobación e modificación dos orzamentos, a disposición de gastos dentro dos límites da súa competencia e a aprobación provisional das contas, de acordo co disposto na Lei de facendas locais.
13. Concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada no exercicio económico exceda do 10 % dos recursos ordinarios, salvo as de tesouraría, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 % dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, de conformidade co establecido na Lei de facendas locais.
14. Aprobación do Plan Provincial de Obras e Servizos e demais plans provinciais que poida ou deba aprobar a Deputación Provincial.
15. Conceder subvencións na contía da aprobación do gasto en materia de contratación.
16. Aprobación de proxectos de obras e servizos, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e non estean previstos no orzamento.
17. Contratacións e concesións de todo tipo cando os contratos delegados na Xunta de Goberno superen os catro anos. Todos os non mencionados especificamente, as concesións de obras públicas, os contratos de colaboración entre entes públicos e privados, e todos os demais non especificados no apartado 1º da disposición adicional 2ª da Lei de contratos do sector público, nin tampouco mencionados de forma específica na lexislación de réxime local nin sectorial aplicable.



DEPUTACIÓN DE LUGO

- 18.** Aprobación do cadro de persoal, xunto co orzamento, a relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias, fixas e periódicas dos funcionarios e o número e réxime do persoal eventual; así como o réxime e retribución dos membros da Corporación.
- 19.** Fixación da contía global das retribucións complementarias do persoal dentro dos límites máximos e mínimos que se fixen legalmente.
- 20.** Aprobación de convenios de colaboración coa Administración do Estado e outras administracións públicas ou entidades privadas, sempre que a súa contía, materia ou duración sexa da súa competencia.
- 21.** Aprobación das formas de xestión dos servizos, e a iniciativa para o exercicio de actividades económicas, e a aprobación dos expedientes das actividades ás que se refire o art. 86 da Lei 7/1985.
- 22.** Alleamento de bens e dereitos cando a súa contía exceda do 20% dos recursos ordinarios do orzamento.
- 23.** Cesión gratuíta de bens e dereitos a outras administracións públicas.
- 24.** Concesión, arrendamento ou cesión de uso de bens por máis de cinco anos, e que exceda do 20% dos recursos ordinarios do orzamento.
- 25.** A formulación de conflitos de competencias a outras entidades locais e demais administracións públicas.
- 26.** Alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.
- 27.** Declaración de lesividade dos actos da Deputación Provincial.
- 28.** O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- 29.** Aceptación da delegación de competencias realizada por outras



DEPUTACIÓN DE LUGO

Administracións Públicas, así como aceptación das encomendas de xestión.

30. Transferencia de funcións e actividades a outras administracións públicas, e encomendas de xestión.
31. Aquelas atribucións que deban corresponder ao Pleno por esixir a súa aprobación unha maioría especial.
32. Concesión de honras e distincións nos termos e condicións que sinala o regulamento especial aprobado ao efecto.
33. Votación sobre a moción de censura nos termos establecidos na Lei orgánica do réxime electoral xeral.
34. Votación sobre a cuestión de confianza, nos termos da Lei orgánica do réxime electoral xeral.
35. As demais que expresamente lle atribúan as leis.

Capítulo V

A XUNTA DE GOBERNO

Sección 1ª. - Constitución da Xunta de Goberno

Artigo 58

Estará integrada, como máximo, por oito deputados/as provinciais, ademais do presidente/a da Deputación, quen a presidirá. Os seus membros serán nomeados e separados libremente polo presidente/a, dándolle conta ao Pleno.



DEPUTACIÓN DE LUGO

A condición de membros da Xunta de Goberno é de carácter voluntario e entenderase tacitamente aceptada se non media renuncia expresa comunicada ao presidente/a.

Sección 2ª. - Atribucións da Xunta de Goberno

Artigo 59

Correspóndelle á Xunta de Goberno:

- a) A asistencia ao presidente/a no exercicio das súas atribucións.
- b) As seguintes atribucións, delegadas do presidente/a e do Pleno:

1. Nomeamento de persoal funcionario e laboral.
2. Premiar e sancionar todo o persoal funcionario e laboral, salvo a separación de servizo dos funcionarios e despedimento do persoal laboral (que é do presidente/a).

Todo iso sen prexuízo do disposto no art. 99 da Lei de bases de réxime local.

3. Autorizar ou denegar as situacións administrativas, mesmo a de compatibilidade para un segundo posto de traballo ou actividade no sector público, así como a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade do citado persoal para o exercicio de actividades da entidade local á que se



DEPUTACIÓN DE LUGO

refiren os artigos 9 e 14 da Lei 53/84 do 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

4. Declaración das situacións administrativas ou laborais do persoal e xubilación de todo o persoal.
5. Aprobar as bases para as probas de selección de persoal e dos concursos de provisión de postos de traballo.
6. Aprobar os proxectos de obras e servizos cando sexa da súa competencia a súa contratación.
7. Exercicio de accións xudiciais e administrativas en defensa dos actos de competencia da Deputación Provincial e os demais actos de calquera órgano salvo avocación.
8. Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.
9. Adquisición de bens inmobles e dereitos en contía superior á cantidade sinalada para os contratos menores, 18.000 euros, e concesións sobre bens cuxa contía superen a establecida para os contratos menores.
10. Alleamento de bens e dereitos cando a súa contía exceda de 18.000 euros, e non supere o 20% dos recursos ordinarios, salvo o alleamento de inmobles histórico artísticos.
11. Concesión de bens e servizos cando a súa contía non supere o 20% dos recursos ordinarios.
12. A competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a



DEPUTACIÓN DE LUGO

interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

- 13.** Declarar a necesidade de ocupación de todos os proxectos que leven aparellada a expropiación forzosa, así como a aprobación das distintas fases do procedemento expropiatorio, incluso a fixación da taxación, calquera que sexa a súa contía.
- 14.** A disposición de gastos de competencia do Pleno, sempre e cando non requira a maioría absoluta legal de membros da Corporación.
- 15.** Concertación de operacións financeiras ou de crédito e concesión de quitas ou esperas, cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do seu orzamento e a atribución lle corresponda ao Pleno.
- 16.** Defensa do procedemento instado contra a Deputación.
- 17.** Solicitud de subvencións a organismos oficiais e privados cando a devandita competencia non sexa atribución do presidente/a.
- 18.** Conceder subvencións na contía da aprobación do gasto en materia de contratación, e aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a.
- 19.** Evacuación de informes da entidade para outros organismos, cuxo prazo, segundo a lexislación sectorial correspondente, sexa inferior a un mes.
- 20.** Aqueles encomendados á Deputación Provincial polos Concellos como



DEPUTACIÓN DE LUGO

deber de colaboración e que se encadren en calquera dos apartados anteriores.

c) Avocación.

O órgano delegante poderá avocar para si o coñecemento dun asunto cuxa resolución delegara, cando o faga conveniente unha circunstancia de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial.

Dentro das facultades delegadas en materia de contratación enténdese tamén outorgada a potestade de declarar a nulidade. Non obstante a facultade de acordar unha indemnización de danos e perdas en caso de nulidade non será susceptible de delegación, debendo resolver sobre esta en todo caso o órgano delegante.

Capítulo VI

COMISIONS INFORMATIVAS E DE SEGUIMIENTO

Artigo 60

A Deputación creará Comisiones Informativas integradas exclusivamente por membros da Corporación.

Son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo,



DEPUTACIÓN DE LUGO

informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno, salvo cando se deban adoptar acordos declarados urxentes que non puideron ser ditaminados previamente.

A devandita consulta terá carácter preceptivo, agás cando se deban adoptar acordos declarados urxentes, ou cando se trate das mocións reguladas no artigo 132 deste Regulamento.

Igualmente informarán aqueles asuntos da propia competencia da Xunta de Goberno, e do presidente/a, que sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles.

O seguimento da xestión do presidente/a, Xunta de Goberno e deputados/as que ostenten delegacións.

Artigo 61

As Comisións Informativas constituiranse por acordo do Pleno corporativo, quen determinará o número e a súa denominación con carácter permanente. Así mesmo o Pleno da Corporación poderá constituír Comisións Informativas con carácter temporal para temas específicos.

Para os efectos de determinación do número de deputados/as integrantes de cada comisión, estarase ao disposto no art. 62 deste Regulamento.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 62

Os vogais integrantes de cada Comisión Informativa serán designados, no número que corresponda, polos grupos políticos correspondentes. Os seus voceiros comunicaranllo ao presidente/a da Corporación para coñecemento do Pleno, no prazo de cinco días inmediato seguintes ao da determinación do número e denominación de cada comisión. Do mesmo xeito tamén se procederá con relación ás variacións que se poidan producir.

A adscrición de deputados/as ás distintas comisións efectuarase mediante decreto da Presidencia, en virtude das designacións efectuadas polos grupos provinciais.

Artigo 63

Os grupos provinciais poden substituír un ou varios dos seus membros adscritos a unha comisión por outro ou outros do mesmo grupo, despois de llo comunicar por escrito o voceiro ao presidente/a da Corporación.

Se a substitución fose soamente para un determinado asunto ou sesión, a comunicación farase verbalmente ou por escrito ao presidente/a da comisión, e se nela se indicase que ten carácter unicamente eventual, o presidente/a admitirá como membro da comisión o substituto ou o substituído, con carácter indistinto. Precísase en todo caso que, no suposto de non se verificar a comunicación por conduto do



DEPUTACIÓN DE LUGO

voceiro, obre a sinatura de conformidade do membro substituto e do substituído, ou como mínimo a daquel baixo a súa responsabilidade, facendo constar que está autorizado a tal fin.

Artigo 64

No seo de cada unha das Comisións Informativas poderán constituírse Relatorios ou Grupos de Traballo para o estudo concreto de determinadas materias con carácter non permanente, quedando automaticamente disolta ao finalizar os labores encomendados. Nelas poderán integrarse funcionarios para informar e asesorar, podendo así mesmo solicitarse outros asesoramentos.

Artigo 65

O presidente/a nato das Comisións Informativas é o titular da Deputación que designará presidente/a efectivo a calquera deputado, tras a correspondente elección no seo da comisión.

Cando asista ás súas reunións o presidente/a desempeñar tamén a Presidencia efectiva da correspondente comisión, en cuxo caso o presidente/a efectivo actuará como Vogal con voz e voto.

Artigo 66



DEPUTACIÓN DE LUGO

Actuará como secretario das Comisi3ns Informativas o titular da Corporaci3n ou quen legalmente o substitúa, podendo delegar nos funcionarios que teñan ao seu cargo a direcci3n administrativa do correspondente servizo.

O secretario tomará nota dos expedientes que se envíen á comisi3n e coidará de que sexan devoltos co correspondente ditame.

Nos supostos de delegaci3n, se o secretario da Corporaci3n asiste ás reuni3ns das comisi3ns poderá asumir a súa Secretaría efectiva ou actuar como asesor, correspondéndolle neste caso ao secretario efectivo da comisi3n redactar os ditames que esta emita e redactar a correspondente acta.

Artigo 67

Ningunha comisi3n poderá deliberar sobre asuntos da competencia doutra. No caso de que algún asunto afecte tamén ao ámbito competencial doutras comisi3ns, todas elas entenderán nos seus ámbitos respectivos.

Poderán convocarse reuni3ns conxuntas de dous ou máis comisi3ns cando a natureza dos asuntos así o aconsellase. Neste caso, se non as preside o titular da Deputaci3n, ou quen legalmente o substitúa, a Presidencia efectiva será desempeñada polo presidente/a de maior idade das comisi3ns reunidas, actuando os demais presidente/as como vogais con voz e voto.

Artigo 68



DEPUTACIÓN DE LUGO

O Pleno, ou o presidente/a da Corporación á súa iniciativa ou por proposta da Xunta de Goberno ou de calquera órgano consultivo, poderán crear Comisións Informativas especiais de carácter transitorio para o estudo, informe ou consulta de asuntos concretos, que quedarán automaticamente disoltas unha vez cumprida a función encomendada.

Se a iniciativa fose do presidente/a, ou a instancia dos órganos a que se refire o apartado anterior, darase conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Artigo 69

Tamén poderán crearse Comisións Mixtas polo mesmo procedemento regulado no artigo anterior.

Estas comisións estarán integradas por membros da Corporación, e poderán integrarse nelas funcionarios desta ou doutras Administracións Públicas e persoas ou representacións determinadas con funcións asesoras, de estudo, proposta ou organización de actividades nas que a Deputación poida resultar interesada.

En ningún caso estas comisións poderán asumir as funcións das Comisións Informativas provinciais, séndolles aplicable a organización e funcionamento destas, en canto sexa posible, coas acomodacións oportunas.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 70

Cando se reúna a Comisión Informativa os acordos adoptarán as seguintes formas: Consulta, ditame ou proposta.

Son acordos con carácter xeral de "consulta" aqueles que adopte a Comisión Informativa dando parecer a calquera dos órganos unipersoais ou colexiados da Deputación que así o requira sobre o asunto ou asuntos que se formulen.

Son acordos "ditames" aqueles que adopta a comisión sobre os asuntos que vaian ser sometidos á consideración do Pleno.

As "propostas" dirixidas a calquera órgano resolutorio da Deputación, haberán de conter unha parte expositiva e o acordo a adoptar, tendo como base os informes dos servizos correspondentes.

Soamente poderán tratarse asuntos de urxencia cando sexan declarados urxentes.

Capítulo VII

COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Artigo 71



DEPUTACIÓN DE LUGO

Formarán parte da Comisión Especial de Contas todos os Grupos Políticos da Corporación.

O número de membros será proporcional á súa representatividade na Deputación Provincial.

Correspóndelle o exame, estudo e informe da Conta Xeral e demais contas anuais.

A Comisión Especial de Contas terá que reunirse antes do día un de xuño de cada ano para emitir o informe preceptivo sobre as contas anuais.

As contas e a documentación complementaria estarán a disposición dos membros da comisión para exame e consulta como mínimo quince días antes da reunión.

O réxime de sesións e quórum de asistencia rexerase polas normas aplicables ás Comisións Informativas sinaladas neste Regulamento.

De ser o caso, a través de acordo adoptado polo Pleno da Corporación, a Comisión Especial de Contas poderá actuar como Comisión Informativa Permanente para os asuntos relativos a Economía e Facenda da Entidade.

Capítulo VIII



DEPUTACIÓN DE LUGO

DEPUTADOS DELEGADOS

Artigo 72

O presidente/a pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos vicepresidente/as e nos deputados provinciais.

As delegacións poderán ser xenéricas ou específicas nos termos establecidos no Capítulo III do Título II (relativo aos vicepresidente/as) deste Regulamento.

As delegacións xenéricas refírense a un departamento ou área. As específicas a un servizo ou labor concreto. Tanto unha como outra terán por obxecto as facultades que en cada caso se atribúan no decreto de delegación.

O deputado que desempeñe a delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación dos deputados con delegacións especiais para servizos ou labores específicos incluídos na súa área.

Artigo 73

A condición de deputado delegado pérdese:

- Por renuncia expresa, que haberá de ser formalizada por escrito ante a Presidencia.



DEPUTACIÓN DE LUGO

- Por revogación da delegación adoptada polo presidente/a coas mesmas formalidades previstas para outorgala.
- Por extinción do seu mandato en caso de que este fose de carácter temporal ou se cumprise o fin específico para o que foi outorgado.

Capítulo IX

A COMISIÓN ESPECIAL DE QUEIXAS, SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS.

Artigo 74

Créase para a defensa das competencias e intereses xerais dos municipios e da cidadanía en xeral a Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións, cuxo funcionamento está regulado mediante un Regulamento propio.

A Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións estará formada por representantes dos Grupos Políticos que integren o Pleno na mesma proporción que as Comisións Informativas.

A citada comisión poderá supervisar a actividade da Deputación, e deberá dar conta ao Pleno, mediante un informe anual das queixas presentadas e das deficiencias observadas no funcionamento dos servizos provinciais, con especificación das suxestións e recomendacións presentadas, das admitidas e das rexeitadas.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Para o desenvolvemento das súas funcións, todos os órganos de goberno da Deputación están obrigados a colaborar coa Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións.

Capítulo X

CONSELLO ECÓNOMICO E SOCIAL

Artigo 75

Co obxecto de canalizar a participación cidadá e das súas asociacións nos asuntos de interese para a provincia, créase o Consello Económico e Social.

O Consello Económico e Social desenvolverá exclusivamente funcións de informe e asesoramento.

A súa composición e funcionamento reguláse no Regulamento propio que para tal efecto aprrobe o Pleno. En todo caso teranse en conta:

- a. O presidente/a será o da Deputación ou deputado/a en quen delegue.
- b. Entre os vogais haberá representación proporcional de cada un dos grupos constituídos no seo da Corporación, debendo así mesmo formar parte deste como



DEPUTACIÓN DE LUGO

mínimo:

- Un representante das organizacións sindicais máis representativas.
- Un representante da Confederación de Empresarios.
- Un representante da Cámara de Comercio.
- Un representante das Organizacións Sindicais e Profesionais Agrarias.
- Un representante dos seguintes Colexios Profesionais: Arquitectos e Arquitectos Técnicos, Enxeñeiros Industriais e Enxeñeiros Técnicos Industriais, Agrónomos, Montes, entre outros.
- Un representante da Universidade de Santiago de Compostela designado polo Vicerreitor do Campus de Lugo.
- Un representante das Confrarías de Pesca.

Actuará como secretario/a o da Corporación ou funcionario/a en quen delegue.

Capítulo XI

CONSELLOS SECTORIAIS.

Artigo 76

Por cada un dos sectores ou áreas de actividade da Deputación Provincial, constituiranse os Consellos Sectoriais que acorde o Pleno.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Os Consellos Sectoriais son órganos de participación, información e asesoramento referidos aos distintos departamentos, sectores ou áreas de actuación nas que a Deputación Provincial ten competencia.

A súa composición e funcionamento regularase nos acordos plenarios polos que se constitúan. En todo caso terase en conta:

a. O presidente/a será o da Deputación que poderá delegar no deputado de Área que corresponda.

b. Entre os vogais haberá representación proporcional de cada un dos grupos constituídos no seo da Corporación, debendo así mesmo formar parte deste:

- Unha representación das entidades cidadás regulamentariamente constituídas, cuxo obxecto de actividade teña directamente que ver co sector ou área do Consello, que solicite formar parte deste, nos termos que se concreten no acordo plenario de creación.
- Un representante da Confederación de Empresarios do ramo que teña máis directamente que ver co obxecto do Consello.
- Un representante da Cámara de Comercio do ramo que teña máis directamente que ver co obxecto do Consello.
- O xefe do servizo cuxa actividade se corresponda co obxecto da do Consello.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 77

En caso dos Consellos de Xestión Tributaria e Recadatoria e no de Cooperación cos Municipios, deberá preverse a representación nestes de polo menos cinco Alcaldes ou Alcaldesas dos municipios da provincia, na forma que determine o Regulamento do Consello. Así mesmo no caso do Consello para o Desenvolvemento de Produtos Agrogandeiros de Calidade deberán estar representadas as organizacións profesionais e sindicais agrarias.

Actuará como secretario/a o da Corporación ou funcionario en quen delegue.

Artigo 78

No prazo de tres meses a partir da constitución da Corporación deberán constituírse os seguintes Consellos Sectoriais:

Consello de Cultura.

Consello Provincial de Xestión Tributaria e Recadatoria.

Consello Provincial de Cooperación cos Municipios.

Consello Provincial de Cultura e Turismo.

Consello Provincial para Desenvolvemento de Produtos Agrogandeiros de Calidade.

Consello Provincial de Pesca.

CONSELLO DE CULTURA



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 79

O Consello de Cultura da Excma. Deputación Provincial de Lugo, creado por acordo do Pleno da Excma. Deputación do 31 de outubro de 1983, é órgano de estudo, informe ou consulta que ten como función principal asesorar á Corporación e á súa Presidencia en todos aqueles asuntos relacionados coas actividades e programas culturais que desenvolva ou nos que aquela colabore e que lle sexan sometidos á súa consideración.

Artigo 80

A Presidencia do Consello de Cultura corresponde ao titular da Corporación e estará composto, ademais, por un número máximo de doce Vogais libremente nomeados polo presidente/a entre personalidades de recoñecida solvencia e prestixio dentro dos diversos campos da vida cultural e expertos en organización, difusión ou comunicación social ou cultural, así como por deputados membros de comisión ou comisións vinculadas ás áreas de Educación e Cultura designados igualmente polo presidente/a en número non superior a cinco.

Actuará como secretario do Consello o titular da Deputación ou quen legalmente o substitúa.

Se o Consello o considerase conveniente poderá solicitarse a colaboración



DEPUTACIÓN DE LUGO

neste de profesionais ou expertos para o estudo de asuntos determinados.

Igualmente, dentro do seu propio seo, poderán constituírse Comisións, Relatorios ou Grupos de Traballo para un mellor tratamento dos asuntos a estudar.

Artigo 81

Os membros do Consello de Cultura percibirán as indemnizacións por asistencias e desprazamentos, por analoxía coas percepcións por asistencia e desprazamentos que correspondan aos membros da Corporación.

Capítulo XII

CONSELLO DE GOBERNO

Artigo 82

O Consello de Goberno créase como órgano de coordinación, apoio, consulta e asesoramento da Presidencia.

O Consello de Goberno está integrado polos seguintes membros:

- a. O presidente/a da Deputación que o presidirá.
- b. O xefe de Gabinete da Presidencia.
- c. Os/as deputados/as responsables de Área ou Servizo que designe o



DEPUTACIÓN DE LUGO

presidente/a. Esta designación poderá ser de carácter permanente ou non, en función das necesidades operativas do Consello.

d. Os xefes de servizo que en cada caso sexan requiridos polo presidente/a.

As sesións serán meramente deliberantes e de coordinación. A citación será efectuada pola Secretaría Particular da Presidencia, e non precisa ningunha formalidade. Con carácter xeral non se redactará acta das reunións do Consello de Goberno.

Capítulo XIII

XUNTA DE VOCEIROS

Artigo 83

A Xunta de Voceiros estará integrada polos/as voceiros/as de cada un dos Grupos Políticos da Deputación.

A Xunta de Voceiros é un órgano de asesoramento e consulta da Presidencia, para a adopción de decisións de carácter corporativo e, en xeral, para todos aqueles asuntos que esta desexe someter á súa consideración, non tendo as súas deliberacións carácter nin preceptivo nin vinculante.

En todo caso, poderá ser convocada e oída, para informala da Orde do Día das sesións ordinarias do Pleno, e das extraordinarias que convoque, en último caso cando o prazo de convocatoria o permita, para a ordenación do desenvolvemento destas, nos termos deste Regulamento, e en todos aqueles asuntos de especial



DEPUTACIÓN DE LUGO

transcendencia para a Deputación.

Ademais, o presidente/a oirá a Xunta de Voceiros para ordenar pormenorizadamente as comparencias de deputados/as e o debate da xestión da Xunta de Goberno.

Para supostos diferentes dos anteriores, o/a presidente/a poderá convocala a iniciativa propia ou a petición da terceira parte dos membros da Corporación.

O presidente/a tamén solicitará o parecer da Xunta de Voceiros naqueles supostos en que, por falta de asuntos e especialmente no mes de agosto, non fose preciso celebrar a sesión ordinaria correspondente a ese mes.

A citación efectuarase pola Secretaría Particular da Presidencia, e non precisa de ningunha formalidade.

Cando así o estime o/a presidente/a, a iniciativa propia ou por solicitalo así algún voceiro poderán acudir a esta para os efectos de informar ou asesorar, os/as funcionarios/as que designe.

Capítulo XIV

ENTES DE XESTIÓN DESCENTRALIZADA PARA A XESTIÓN DOS SERVIZOS E ÓRGANOS DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 84

A Deputación, atendendo aos principios institucionais de eficacia, descentralización, desconcentración e coordinación, promoverá a constitución de entes descentralizados e órganos desconcentrados en orde á mellor xestión das competencias propias.

Os entes descentralizados e órganos desconcentrados, réxense polos correspondentes Regulamentos e Estatutos e, supletoriamente pola lexislación xeral que resulta de aplicación.

Nos órganos directivos dos Organismos Autónomos e Entidades Públicas Empresariais e Sociedades mercantís con capital único ou maioritario da Deputación, garántese a presenza de todos os Grupos Políticos.

TÍTULO III

FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Capítulo I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 85



DEPUTACIÓN DE LUGO

As sesións dos órganos colexiados, tanto resolutorias como consultivas, celébranse no Pazo Provincial.

Así mesmo poderán celebrarse na sede de calquera Concello da Provincia, cando a xuízo da Presidencia se producisen acontecementos sociopolíticos ou catastróficos de tal importancia que puidesen ser considerados como causa de forza maior.

Artigo 86

Toda sesión, calquera que sexa a súa clase, haberá de rematar dentro do mesmo día en que comece, sen prexuízo de que o presidente/a, segundo o seu prudente criterio e en atención ao volume e complexidade dos asuntos a tratar, poida dispoñer un ou máis descansos, coa advertencia da hora en que se continuará a sesión.

Capítulo II

RÉXIME DE SESIÓN.

Sección 1ª. - Sesións do Pleno

Artigo 87



DEPUTACIÓN DE LUGO

As sesións do Pleno poden ser:

- Ordinarias.
- Extraordinaria
- Extraordinarias especiais
- Extraordinarias con carácter urgente.

Artigo 88

O Pleno celebra sesión ordinaria unha vez ao mes como mínimo, nos días e horas que decida e sinale o propio órgano na súa sesión de organización.

As sesións ordinarias convócanse coa antelación de dous días hábiles, polo menos, e cúrsanse aos deputados por correo normal, correo electrónico, ou por entrega persoal, se é o caso, no Pazo Provincial. Poden tamén cursarse mediante o seu depósito na caixa de correo correspondente que se asigne a cada deputado no Pazo Provincial.

A convocatoria poderá entregarse no local destinado a cada Grupo Político, sendo responsable da recepción a/as persoa/s adscrita/s ao devandito Grupo.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 89

As sesións extraordinarias serán convocadas cando así o decida o presidente/a ou o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal dos membros da Corporación. Neste último caso, a súa celebración non poderá demorarse por máis de quince días dende que fose solicitada.

Toda petición de convocatoria de sesión extraordinaria por membros da Corporación se realizará por escrito, presentada no Rexistro Xeral, asinada polo menos pola cuarta parte dos membros da Corporación; haberá de ser motivada e conterà, debidamente titulados, os asuntos que se pretenda tratar deberán de ser concretos e de competencia do Pleno, coas correspondentes proposicións de acordo, salvo o disposto para os plenos de control.

No caso de solicitude de pleno extraordinario pola cuarta parte dos deputados provinciais, se o presidente/a non convocase o Pleno extraordinario solicitado, quedará convocado automaticamente para o décimo día hábil seguinte ao de finalización do prazo sinalado no artigo anterior, ás doce horas.

O secretario da Corporación notificará a todos os membros o contido no parágrafo anterior ao día seguinte da finalización do prazo de quince días citado anteriormente.

Artigo 90



DEPUTACIÓN DE LUGO

O asunto ou asuntos polos que se solicita o pleno extraordinario, non poderán ser incluídos na Orde do Día dun pleno ordinario nin extraordinario, con máis asuntos, se non o autorizan os solicitantes da convocatoria.

En ausencia do presidente/a, ou de quen legalmente o substitúa, o pleno quedará validamente constituído sempre que concorran un terzo do número legal de membros da Corporación, e desempeñará a Presidencia o deputado provincial de maior idade.

Artigo 91

Se a Presidencia considera que o escrito de petición de Pleno Extraordinario non contén algún dos requisitos sinalados requirirá aos asinantes para o seu cumprimento. De non se emendar arquivarase a petición.

Contra a denegación expresa da solicitude de Pleno extraordinario poderán interpoñerse polos interesados os correspondentes recursos, sen prexuízo de que a Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia poidan facer uso das facultades a que se refire o artigo 65 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Ningún deputado provincial pode solicitar máis de tres plenos anuais.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 92

As sesións extraordinarias convócanse coa antelación prevista para as ordinarias, salvo casos de urxencia cuxa convocatoria con este carácter deberá ser ratificada polo Pleno e se cursan polas modalidades previstas no artigo 90 do presente Regulamento ou por telegrama ou fax, coa excepción de citación por depósito da convocatoria na caixa de correo de correspondencia.

As sesións extraordinarias especiais son as de Constitución da Corporación Provincial, a sesión de organización, e a de aprobación da última acta da Corporación anterior. En canto ás datas de celebración e Orde do Día son as fixadas pola Lei.

As sesións extraordinarias urxentes tamén se poderán convocar por teléfono ou outro medio, fax, deixando constancia diso no expediente.

Artigo 93

Quedará validamente constituída a Corporación para celebrar sesión extraordinaria urxente, aínda cando non se cumprisen os requisitos da convocatoria, sempre que se achen reunidos as catro quintas partes polo menos dos seus membros e así o acorden por unanimidade a presenza do presidente/a e secretario.

Os acordos de impulsión adoptados nas sesións ordinarias ou extraordinarias,



DEPUTACIÓN DE LUGO

non eximen da tramitación dos correspondentes expedientes e da emisión dos preceptivos informes necesarios para a adopción de acordos válidos axustados ao ordenamento xurídico.

Artigo 94

As sesións ordinarias e extraordinarias celébranse en primeira ou segunda convocatoria.

As sesións ordinarias e extraordinarias celébranse en segunda convocatoria ás 48 horas da sinalada para a primeira, salvo que coincida con días festivos ou inhábiles, en cuxos casos se celebrará á mesma hora do día seguinte hábil a aquel en que se cumpriran as 48 horas do sinalado para a celebración en primeira convocatoria.

Artigo 95

As sesións extraordinarias urxentes celébranse en segunda convocatoria ás tres horas da sinalada para a primeira.

Se na segunda convocatoria non houberse quórum, a Presidencia deixará sen efecto a convocatoria, pospoñendo o estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día para a primeira sesión que se celebre con posterioridade, sexa ordinaria ou extraordinaria, estendéndose dilixencia polo secretario dos devanditos extremos,



DEPUTACIÓN DE LUGO

indicando ademais o nome dos membros que concorresen e dos que se escusasen a través da Presidencia.

Cando fose necesaria a asistencia dun número determinado de deputados, por esixir a aprobación dalgún asunto unha maioría cualificada, haberán de reiterarse as convocatorias ata logralo unha vez cuberto o trámite supletorio da segunda convocatoria.

Artigo 96

Tanto para a celebración en primeira como en segunda convocatoria requírese a presenza dun terzo do número legal de membros da Corporación. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión.

En todo caso, requírese a asistencia do presidente/a, salvo o disposto no artigo 92 do presente Regulamento, e do secretario da Corporación ou de quen legalmente os substitúan.

Artigo 97

Soamente se poderán tratar asuntos non incluídos na orde do día da convocatoria nas sesións ordinarias, logo da declaración de urxencia polo Pleno da Corporación como requisito indispensable para a validez de acordos que se adopten, unha vez despachados os asuntos incluídos na orde do día da sesión e antes do



DEPUTACIÓN DE LUGO

punto "Rogos e preguntas regulamentariamente formulados".

Non obstante o disposto no apartado anterior, poderán tratarse asuntos protocolarios e de mero trámite sempre que así se acorde por unanimidade dos membros presentes que representen, en todo caso, a maioría absoluta legal.

As sesións do Pleno son públicas. Non obstante, poderán ser secretos o debate e votación daqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución, cando así se acorde por maioría absoluta, e nos casos previstos neste Regulamento.

Artigo 98

O público asistente á sesión non poderá intervir, nin se permitirán manifestacións de agrado ou desagrado, podendo a Presidencia proceder, en casos extremos, á expulsión da sala dos que por calquera causa impidan o normal desenvolvemento da sesión.

Para ampliar a difusión auditiva ou visual do desenvolvemento das sesións, poderán instalarse sistemas de megafonía ou circuítos pechados de televisión.

Non se permitirá a utilización de sistemas megafónicos e de gravación audiovisual polo público.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Igualmente podrán instalarse sistemas de reproducción e gravación, con carácter oficial e como documentos complementarios para a redacción das correspondentes actas, ademais dos que poidan utilizar os medios informativos acreditados.

Sección 2ª. - Sesións da Xunta de Goberno

Artigo 99

As sesións da Comisión de Goberno poden ser:

- Ordinarias.
- Extraordinarias.
- Extraordinarias especiais.
- Extraordinarias de carácter urxente.

Artigo 100

A Xunta de Goberno celebra sesión ordinaria cada semana como mínimo, nos días e horas que fixe ela mesma dando conta ao Pleno da Corporación.

As sesións extraordinarias serán convocadas cando así o decida o presidente/a ou o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal dos membros da Xunta de Goberno, seguindo o mesmo sistema de petición e convocatoria que o



DEPUTACIÓN DE LUGO

senalado no art. 91 do presente Regulamento.

As sesións extraordinarias especiais son as de Constitución da Xunta de Goberno, e a sesión de aprobación da última acta da Corporación anterior. En canto ás datas de celebración e Orde do Día son as fixadas pola Lei.

As sesións extraordinarias urxentes tamén se poderán convocar por teléfono ou outro medio, fax, e-mail, deixando constancia diso no expediente.

Quedará validamente constituída a Xunta de Goberno para celebrar sesión extraordinaria urxente, aínda cando non se cumprisen os requisitos da convocatoria, sempre que se achen reunidos as catro quintas partes polo menos dos seus membros e así o acorden por unanimidade a presenza do presidente/a e secretario.

Os acordos de impulsión adoptados nas sesións ordinarias ou extraordinarias, non eximen da tramitación dos correspondentes expedientes e da emisión dos preceptivos informes necesarios para a adopción de acordos válidos axustados ao ordenamento xurídico.

Artigo 101

É analoxicamente aplicable ás sesións da Xunta de Goberno o disposto neste Regulamento sobre sesións do Pleno, coas acomodacións oportunas e en tanto non se opoñan ao previsto neste Regulamento para as sesións deste órgano.



DEPUTACIÓN DE LUGO

As sesións da Xunta de Goberno non son públicas. Non obstante, poderán asistir a elas, sen voz nin voto, os membros da Corporación non pertencentes á mesmo, logo da invitación de Presidencia en razón á índole dos asuntos ou outras circunstancias, así como os funcionarios que estime conveniente o secretario para tomar notas ou os que requira a Presidencia para informar e asesorar sobre asuntos concretos, ademais do interventor.

O extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno, redactados polo secretario, publicaranse coa súa sinatura e o visto e prace do presidente/a no taboleiro de anuncios do Pazo Provincial.

Sección 3ª. - Sesións das Comisións Informativas.

Artigo 102

As Comisións Informativas constituiranse dentro dos quince días seguintes á sesión organizativa do Pleno.

As Comisións Informativas celebran sesións coa frecuencia que requira o exercicio das súas funcións, logo de citación de Presidencia co fin de garantir unha axeitada coordinación.

A periodicidade, día e hora das reunións ordinarias serán sinaladas pola propia comisión na súa sesión constitutiva, que poderán ser modificadas durante o mandato corporativo.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Así mesmo as Comisións Informativas poderán celebrar reunións extraordinarias ou urxentes.

As comisións celebrarán reunións extraordinarias cando así o decida o seu presidente/a ou o solicite unha cuarta parte dos seus membros.

O secretario da comisión, por orde da Presidencia, subscribirá a oportuna convocatoria, que será remitida a todos os membros da comisión, cunha antelación mínima de dous días hábiles nas reunións ordinarias e extraordinarias que non sexan urxentes. Nas reunións extraordinarias urxentes poderá cursarse telegraficamente ou mediante chamada telefónica acreditada a través de dilixencia do secretario.

Artigo 103

O presidente/a dirixe e ordena os debates da comisión ao seu prudente arbitrio, respectando os principios xerais que rexen os debates plenarios.

As sesións das Comisións Informativas celébranse en primeira e segunda convocatoria, requiríndose para a celebración en primeira o quórum do terzo do número legal dos seus membros e, en todo caso, a asistencia do presidente/a e secretario da comisión.

As sesións celébranse en segunda convocatoria unha hora despois da



DEPUTACIÓN DE LUGO

senalada para a primeira, requiríndose a presenza do presidente/a, dous vogais e o secretario da comisión.

En caso de ausencia ou impedimento de calquera orde do presidente/a efectivo da comisión, poderá ser substituído, en caso de urxencia inaprazable, polo vogal de maior idade dos presentes se así o acorda a propia comisión.

Artigo 104

Os estudos, informes ou consultas das Comisións Informativas non poderán revestir carácter de acordos resolutorios, correspondendo as facultades de resolución aos órganos provinciais correspondentes.

Non son delegables nas Comisións Informativas facultades de resolución.

Artigo 105

O acordo das Comisións Informativas poderá limitarse a mostrar a súa conformidade ou desconformidade cos decretos, mocións, e informes ou propostas de acordo cos funcionarios correspondentes.

No segundo suposto a desconformidade será motivada, podendo emitirse voto particular.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Os ditames adóptanse por maioría simple de membros presentes, decidindo os empates o presidente/a con voto de calidade.

As dúbidas e conflitos que poidan formularse por cuestión de competencia entre as distintas comisións, serán resoltas polo presidente/a da Corporación, quen poderá asesorarse para este efecto pola Xunta de Goberno.

Artigo 106

De cada sesión que celebren as Comisións Informativas estenderase acta polo secretario xeral ou persoa en quen delegue.

No non previsto nesta sección e no que resultase procedente, serán de aplicación aos órganos complementarios da Deputación, os preceptos deste Regulamento que regulan a organización e funcionamento do Pleno da Corporación.

As Comisións Informativas tamén son competentes para o seguimento da xestión do presidente/a, a Xunta de Goberno e os deputados que teñan delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponda ao Pleno.

Este seguimento realizarase nas sesións ordinarias nas que a parte dedicada ao control da xestión do presidente/a, da Xunta de Goberno e dos deputados que teñan delegación, nas materias que a cada un afecte, deberá presentar substantividade propia e diferenciada da parte informativa.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Tamén poderán celebrar reunións extraordinarias, a petición dunha cuarta parte dos seus membros, co obxecto exclusivo do seguimento dalgún asunto determinado da xestión do presidente/a, da Xunta de Goberno ou dalgún deputado que teña delegación.

CAPÍTULO III

ACTUACIÓNS PREVIAS Á CELEBRACIÓN DE SESIÓNS

Artigo 107

Conclusos os expedientes entregaranse ao secretario da Corporación quen, despois de examinado, os someterá á Presidencia para ser elevados á correspondente sesión.

Coa excepción das sesións extraordinarias urxentes, para que os expedientes poidan incluírse na orde do día dunha sesión haberán de estar en poder do secretario con dous días de antelación polo menos ao da correspondente convocatoria.

A orde do día das sesións fíxao o presidente/a asistido do secretario, que, por orde da Presidencia asinará a convocatoria.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 108

A documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir de base ao debate e, no seu caso, votación, deberá figurar a disposición dos deputados, dende o mesmo día da convocatoria, na Secretaria da Corporación.

Cando algún membro da Corporación estime conveniente examinar outros expedientes que teñan relación cos incluídos na orde do día, solicitará da Presidencia que se poñan á súa disposición.

Non poderán extraerse os expedientes nin os documentos da oficina en que se poñan de manifesto.

Capítulo IV

DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓNS

Artigo 109

Polo secretario comprobarase a existencia de quórum necesario a que se refire o art. 90.1 e 2 do ROFEL, para que poida ser iniciada a sesión, indicándoo ao presidente/a.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, darase lectura polo secretario á



DEPUTACIÓN DE LUGO

acta en borrador da anterior sesión que quedará aprobada se ningún se opón.

Poderá, non obstante, prescindirse da súa lectura se se remitise copia ou fotocopia desta coa convocatoria para a celebración de sesión.

Cando algún dos membros que tomaron parte na adopción dos acordos estime que determinado punto ofrece na súa expresión dúbidas respecto ao tratado ou resolto, poderá solicitar da Presidencia que se aclare con exactitude, anotándose a modificación á marxe da acta.

Ao facer constar en cada acta a lectura, se é o caso, e aprobación da anterior, consignaranse as observacións ou rectificacións practicadas conforme ao apartado anterior.

En ningún caso poderá modificarse o fondo dos acordos adoptados, e só caberá emendar os meros erros materiais ou de feito.

Artigo 110

Deseguido darase conta polo secretario dos decretos, ditames das comisións, informes e propostas de acordos e demais antecedentes expedientais, e se ninguén pide a palabra os asuntos quedarán aprobados por unanimidade.

Ditame.- É a proposta de acordo sometida ao Pleno tras o estudo do



DEPUTACIÓN DE LUGO

expediente pola Comisión Informativa correspondente. Deberá contar con dúas partes: unha expositiva e outra dispositiva, conténdose nesta última, de modo claro, o acordo ou acordos a adoptar.

Proposta de acordo.- É aquela sometida á consideración do Pleno relativa a un asunto non incluído na Orde do Día e que non foi ditaminado pola Comisión Informativa correspondente. Deberá contar con dúas partes: unha expositiva e outra dispositiva, conténdose nesta última, de modo claro, o acordo ou acordos a adoptar. Só poden darse en sesións ordinarias, logo de declaración de urxencia adoptada con quórum de maioría. Poden formular propostas de acordo o presidente/a, os deputados e os Grupos Políticos. A cualificación dunha proposta de acordo farase pola Xunta de Voceiros.

Se se presentan votos particulares, estes serán discutidos antes que a documentación a que se refire o apartado anterior.

Voto particular.- É a proposta de modificación dun ditame formulada por un membro que forma parte da Comisión Informativa. Deberá acompañar o ditame dende o día seguinte á súa aprobación pola comisión.

Os acordos quedarán pendentes sobre a mesa a petición de calquera deputado, salvo que o presidente/a os declare de urxencia.

Poderán quedar pendentes se o solicitan o secretario ou o interventor, no



DEPUTACIÓN DE LUGO

ámbito das súas respectivas competencias, se a índole do asunto lles ofrecese dúbidas sobre a legalidade da pertinente resolución, se esta se desviase da proposta de acordo.

Artigo 111

Os voceiros dos Grupos Provinciais e os deputados provinciais non adscritos poderán pedir a palabra ao presidente/a e este concederlla, para os efectos de que, antes de entrar na deliberación do fondo do asunto se abra unha breve quenda de explicación ou petición de explicación, se é o caso, acerca das cuestións que teñan relación co asunto a debater e que poidan servir de orientación para a decisión que se adopte.

Finalizada a quenda de explicacións, se a iso houberse lugar, entrarase no debate do asunto ou á súa aprobación se ninguén mostrase o seu desacordo.

Artigo 112

Os Grupos Provinciais ou os deputados teñen dereito a presentar emendas de adición, supresión ou modificación aos ditames ou propostas de acordo, sempre que o fagan por escrito cun día de antelación ao da celebración da sesión correspondente. Poderán, así mesmo, presentar no mesmo prazo textos alternativos, sempre que na súa parte expositiva se conteña a pertinente motivación.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Emenda.- É a proposta de modificación dun ditame ou proposición presentada por calquera membro, mediante escrito presentado ao presidente/a antes de iniciarse a deliberación do asunto.

Cando se presenten emendas, estas serán discutidas e votadas antes que o ditame ou proposición.

Artigo 113

No caso de que promova deliberación, os asuntos serán primeiro discutidos e despois votados.

Os deputados interveñen normalmente nas sesións por medio do voceiro do correspondente Grupo Provincial.

Os voceiros e, se é o caso, os deputados precisan a venia da Presidencia para facer uso da palabra. Dentro do mesmo Grupo poderán cederse entre si a quenda que lles corresponda, e todas as intervencións se dirixirán sempre á Corporación e non a un individuo ou fracción desta.

Non se admitirán outras interrupcións que as do presidente/a para chamar á orde ou á cuestión debatida cando se desvíen notoriamente por digresións estrañas ou volvan sobre o xa tratado e resolto.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 114

As deliberacións e debates axustaranse, ademais, ás seguintes normas:

Dada conta da documentación a que se refire o artigo 112 deste Regulamento, se se promove deliberación, os voceiros dos Grupos Provinciais á súa iniciativa ou á dos membros do seu Grupo, solicitarán da Presidencia o uso da palabra en forma verbal ou por calquera medio convencional.

O presidente/a concederá a palabra aos voceiros seguindo unha orde alternativa de intervencións de tal forma que, no transcurso da sesión, estas se inicien en forma rotativa.

Os voceiros intervirán directamente ou poderán ceder todo ou parte do tempo establecido a outros membros do seu Grupo.

As intervencións produciranse persoalmente e de viva voz.

O tempo que corresponda ao Grupo Mixto poderá repartirse por igual entre os representantes da lista ou listas que o integran, sempre que así o manifestaran.

Os deputados non adscritos disporán do tempo de intervención en proporción ao que corresponda a cada un dos deputados do Grupo Mixto.



DEPUTACIÓN DE LUGO

A intervención nunha primeira quenda de cada Grupo non excederá no seu conxunto de seis minutos.

Non obstante, se a importancia ou complexidade do asunto o require, o presidente/a, segundo o seu prudente criterio, poderá ampliar brevemente o tempo establecido. En calquera caso todos os Grupos disporán do mesmo tempo.

Rematada a primeira quenda de intervencións, a petición dos voceiros ou deputados provinciais e con suxeición aos criterios anteriormente establecidos, poderá iniciarse unha segunda quenda de réplica cunha duración máxima de tres minutos por cada Grupo Provincial.

A Presidencia poderá autorizar quendas especiais e moi breves por alusións e rectificación de conceptos.

Artigo 115

O presidente/a dirixirá o debate podendo chamar á cuestión cando os oradores se desvíen notoriamente por digresións estrañas ou volvan sobre o xa tratado ou resolto. O presidente/a retirará a palabra ao que por terceira vez o chamase á cuestión.

Procederán as chamadas á orde pola Presidencia cando se vulnere este Regulamento, se profiran palabras agresivas ou desconsideradas ou se pronuncien



DEPUTACIÓN DE LUGO

frases atentatorias ao prestixio dos Organismos Provinciais ou das Institucións públicas e nos casos previstos no artigo 115 deste Regulamento.

Se algún membro da Corporación fose chamado tres veces á orde, o presidente/a poderá retirarlle o uso da palabra e concederlha de novo para que se xustifique ou desculpe.

Tras tres chamadas á orde na mesma sesión, coa advertencia na segunda das consecuencias dunha terceira chamada, o presidente/a poderá ordenarlle que abandone o local no que se estea a celebrar a sesión, adoptando as medidas que considere oportunas para facer efectiva a expulsión.

Se como consecuencia da orde de abandono do Salón de Sesións ou por calquera outra causa se producise unha alteración da orde, que a xuízo da Presidencia puidese afectar ao decoro da Institución, interromperá a sesión por un tempo prudencial; se pasado este non pode continuarse normalmente, rematará a sesión definitivamente e os asuntos que quedan pendentes deberán ser tratados noutra sesión a celebrar como moito no prazo de oito días, e co mesmo carácter que tivese a que se suspendeu.

Artigo 116

Quen se considere aludido por unha intervención que implique xuízos de valor sobre a persoa ou conduta dun deputado, poderá concedérselle ao aludido o uso da



DEPUTACIÓN DE LUGO

palabra, por tempo non superior a un minuto, para que, sen entrar no fondo do asunto do debate, conteste estritamente ás alusións realizadas. Non poderá contestarse ás alusións senón na mesma sesión ou na seguinte.

Artigo 117

O presidente/a dará por rematada a deliberación ou debate cando interveñan os Grupos e demais deputados que o solicitaran e resolverá cantos incidentes dilaten con exceso, segundo o seu prudente criterio, as resolucións a adoptar.

A Presidencia pode intervir en calquera momento. Os relatorios non consumen quenda nas discusións.

En calquera estado do debate un deputado poderá pedir a observancia do Regulamento. Para tal efecto deberá citar o artigo ou artigos cuxa aplicación reclama. Non caberá por este motivo ningún debate debendo de acatarse a resolución do presidente/a en vista das alegacións feitas.

Artigo 118

En canto o presidente/a considere o asunto suficientemente discutido,



DEPUTACIÓN DE LUGO

pasarase á votación.

Antes de empezar a votación o presidente/a formulará clara e concisamente os seus termos e a forma de emitir o voto.

Unha vez iniciada a votación non poderá interromperse por ningún motivo nin se permitirá a saída nin entrada da sala a ningún membro da Corporación, salvo causas de forza maior apreciadas pola Presidencia. Tampouco se admitirá intervención de ningunha clase.

Se no transcurso da votación xurdisen incidencias o presidente/a suspenderaa e deixará sen efecto, iniciándose nova votación.

Rematada a votación ordinaria, o presidente/a declarará o acordado.

Nas demais votacións, o secretario computará os votos emitidos e anunciará o seu resultado, á vista do cal o presidente/a proclamará o acordo adoptado.

Artigo 119

O presidente/a poderá alterar a orde dos asuntos a tratar cando estes requiran unha maioría cualificada para a súa aprobación e non se dese nese momento o quórum de presenza necesario para a aprobación do correspondente asunto.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Capítulo V

ADOPCIÓN DE ACORDOS

Artigo 120

Os acordos adóptanse mediante votación ordinaria, salvo que a Corporación acorde, para un caso concreto, a votación nominal ou secreta.

O voto pode emitirse en sentido afirmativo, negativo, ou de abstención.

No caso de votacións con resultado de empate, efectuarase unha nova votación e, se persistise o empate, decidirá o voto de calidade do presidente/a, salvo que este o declare pendente. Non rexe esta previsión para os acordos que requiran un quórum cualificado, en cuxo caso convocaranse posteriores sesións.

Artigo 121

Son votacións ordinarias as que se manifestan por signos convencionais de asentimento ou disentimento que a Presidencia determine, tales como levantar o brazo, primeiro os que aproban, en segundo lugar os que desaproban e finalmente os que se absteñen.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Son votacións nominais as que se verifican lendo o secretario a lista de deputados para que cada un, ao ser nomeado, diga si, non, ou abstéñome, segundo os termos da votación.

Son votacións secretas as que se realizan por papeleta que cada membro da Corporación vaia depositando nunha urna.

Poderán ser secretos o debate e votación daqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución cando así se acorde por maioría absoluta. A votación poderá ser secreta, ademais, naqueles casos que afecten a asuntos persoais dos compoñentes da Corporación, dos seus parentes dentro do terceiro grao ou do prestixio da Institución Provincial, e así se acorde previamente por maioría absoluta.

Realizarase por votación secreta a elección de presidente/a, así como a moción de censura, segundo se sinala nos artigos 49 e 50 do presente Regulamento.

A votación sobre a cuestión de confianza poderá ser secreta, segundo o sinalado neste Regulamento.

Capítulo VI

DAS ACTAS E OS SEUS LIBROS



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 122

Durante cada sesión o secretario, asistido polos funcionarios que para o efecto designe, tomará as notas necesarias para redactar a acta na que se consignarán os requisitos establecidos no artigo 109 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

De non se celebrar sesión por falta de asistencia ou outro motivo, o secretario suplirá a acta cunha dilixencia, autorizada coa súa sinatura, na que consigne a causa e os nomes dos concorrentes e dos que se escusasen.

A acta, unha vez aprobada polo órgano, Pleno ou Xunta de Goberno, transcribírase ao Libro de Actas, autorizándoas coa sinatura do presidente/a e do secretario.

Poderá procederse á gravación de todas as intervencións que se produzan na sesión. A gravación servirá de base para a redacción da acta, podendo incorporarse totalmente a esta como parte integrante dela.

De calquera xeito, e se o secretario non considera procedente tal incorporación, transcribírase a gravación integramente formándose con iso un Diario de Sesións.

Artigo 123

Os libros de actas de sesións do Pleno, Comisión de Goberno, e igualmente



DEPUTACIÓN DE LUGO

das Resolucións do presidente/a, constitúen un instrumento público solemne para a constancia de actos administrativos. Serán custodiados, na sede da Deputación Provincial, polo secretario da Corporación baixo a súa responsabilidade.

Non consentirá que saian desta baixo ningún pretexto, nin aínda por requirimento de autoridade de calquera orde.

A súa consulta suxeitarase ao previsto na Lei de Axuizamento Civil.

O secretario estará obrigado a expedir certificacións ou testemuños dos acordos ou resolucións que os devanditos Libros conteñan cando así o reclamen de oficio as autoridades competentes.

Artigo 124

As certificacións de todos os actos, resolucións e acordos dos órganos de goberno da entidade, así como as copias e certificados dos libros e documentos que nas distintas dependencias existan, expediranse sempre polo secretario, salvo precepto expreso que dispoña outra cousa.

As certificacións expediranse por orde do presidente/a da Corporación e co seu "visto e prace", para significar que o secretario ou funcionario que as expide e autoriza está no exercicio do cargo e que a súa sinatura é auténtica. Irán rubricadas á marxe polo xefe da unidade ao que corresponda, levarán o selo da Corporación e



DEPUTACIÓN DE LUGO

reintegraranse, se é o caso, conforme á Ordenanza de exacción, se existise.

Poderán expedirse certificacións das resolucións e acordos dos órganos de goberno e administración das entidades locais, antes de ser aprobadas as actas que os conteñan, sempre que se faga a advertencia ou salvidade neste sentido e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente.

Todos os cidadáns teñen dereito a obter copias e certificacións acreditativas dos acordos dos órganos de goberno e administración das entidades locais e dos seus antecedentes, así como a consultar os arquivos e rexistros nos termos que dispoña a lexislación ao respecto. A denegación ou limitación deste dereito, en todo canto afecte á seguridade e defensa do Estado, a indagación dos delitos ou a intimidade das persoas, deberá realizarse mediante resolución motivada.

Artigo 125

Tales libros serán levados por medios mecánicos conforme ás previsións contidas no Decreto da Consellería de Xustiza e Interior da Xunta de Galicia nº 101 / 1983, do 14 de xullo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 92, do 23 de xullo de 1983, sobre libros de actas de acordos e resolucións das Corporacións Locais, en papel común; así como polo Decreto 85/1987 do 14 de abril, da Xunta de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia número 84 do 6 de maio de 1987, polo que crea o papel numerado da Comunidade Autónoma para uso das Corporacións Locais; sen prexuízo de que polo Pleno da Corporación se poida dispoñer a utilización de papel



DEPUTACIÓN DE LUGO

timbrado.

TÍTULO IV

CONTROL E FISCALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DEMAIS ÓRGANOS DE GOBERNO

Capítulo I

CONTROL E FISCALIZACIÓN POLO PLENO

Sección 1ª. - Control e fiscalización nos Plenos Ordinarios.

Artigo 126

De conformidade co disposto no art. 46.2.e) da Lei 7/1985 vixente, nos Plenos ordinarios haberá unha parte dedicada, con substantividade propia, ao control dos demais órganos da Corporación; na cal se poderán formular por todos os deputados provinciais, rogos, preguntas, e presentar mocións.

Rogos



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 127

Son peticións tendentes a que a Presidencia, deputados delegados, ou os distintos servizos provinciais realicen unha determinada actividade ou comportamento.

Tómase nota destes para os efectos que proceda.

Preguntas

Artigo 128

Os deputados provinciais poderán formular preguntas ao presidente/a ou a calquera deputado que desempeñe delegación, xeral ou especial.

A pregunta haberá de presentarse por escrito e non se admitirán as de exclusivo interese persoal de quen a formula, ou calquera outra persoa singularizada, nin a que supoña consulta de índole estritamente xurídica.

Se non se especifica, enténdese que a pregunta será contestada por escrito.

En canto ao número de preguntas a formular para cada sesión serán dun máximo de dúas por Grupo.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 129

Unha vez contestada a pregunta polo presidente/a ou quen corresponda, o preguntante intervén de novo para replicar ou repreguntar, coa nova intervención do interrogado finaliza o debate.

O tempo máximo de intervención de toda a tramitación será de cinco minutos, repartidos polo presidente/a entre a formulación e a resposta.

As preguntas "in voce", non será obrigatorio contestalas no mesmo Pleno e o interrogado tomará nota para contestalas no seguinte.

Os rogos e as preguntas formularanse por escrito cun día de antelación ao sinalado para a sesión ordinaria correspondente; sen prexuízo de que, en casos especiais o presidente/a poida aceptar a formulación de rogos e preguntas, escritas ou verbais antes do inicio da sesión.

Mocións

Artigo 130

Considéranse as propostas subscritas por un ou máis Grupos Políticos Provinciais, ou deputados non adscritos da Corporación, con coñecemento do



DEPUTACIÓN DE LUGO

voceiro, que pretendan a adopción dun acordo polo Pleno Provincial (órgano colexiado provincial).

As mocións formularanse sempre por escrito e presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación, coa antelación suficiente para que poidan ser incluídas na Orde do Día do Pleno, sen prexuízo do disposto sobre os asuntos de urxencia.

Conterán unha parte expositiva xustificativa desta e unha proposta de resolución.

En canto ao número de mocións a presentar por cada sesión serán dun máximo de dúas por Grupo.

Artigo 131

As mocións clasifícanse nos seguintes grupos:

- a) Mocións que propoñen a adopción de acordos sobre un tema de competencia do Pleno.
- b) Mocións solicitando que se remita ao Pleno un proxecto de resolución que, por necesitar informes dos servizos ou compromisos económicos, necesite dun tratamento previo.
- c) Mocións cuxa proposta de acordo é de carácter ideolóxico, programático ou protocolario, que non precise tramitación previa ningunha.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 132

O presidente/a poderá rexeitar a inclusión da moción na Orde do Día, por considerar que versa sobre unha cuestión que non é de competencia provincial ou sobre a que se presentara outra de contido idéntico no último ano.

As mocións poderán ser emendadas por calquera deputado antes de que comece a súa deliberación.

Son emendas as que pretendan modificar, engadindo, suprimindo ou substituíndo, os termos en que aquela estea redactada.

No caso de que o asinante da moción acepte a emenda, entenderase que substitúe ou se incorpora a aquela para os efectos de debate e votación.

Artigo 133

No suposto de que non exista unanimidade no texto proposto, procederase do seguinte xeito:

Intervirá o voceiro do Grupo Provincial ou deputado non adscrito autor da moción. A continuación un representante de cada un dos Grupos ou deputados non adscritos que presentaran emendas. Seguidamente intervirán aqueles que non as



DEPUTACIÓN DE LUGO

presentasen.

O presidente/a poderá intervir sempre.

Artigo 134

As emendas non aceptadas, unha vez expostas polo propoñente, non serán obxecto de debate nin de votación, salvo que se incorporen á moción.

Pecha a quenda de debate o propoñente da moción.

Concluído o debate, a moción, coas emendas aceptadas polo propoñente, será sometida a votación, sen prexuízo de que, en calquera momento, antes de finalizar o debate, o propoñente ou o voceiro do Grupo poida retirala.

En caso de non se presentar emendas ou de que estas non fosen aceptadas polo propoñente da moción votárase o seu texto.

Sen prexuízo do acordado polo Pleno sobre a moción, as cuestións formuladas serán resoltas polo órgano competente e logo de procedemento establecido para este efecto.

Sección 2ª.- Control e fiscalización polo Pleno da actuación dos demais



DEPUTACIÓN DE LUGO

Órganos de Gobierno.

COMPARECENCIA DUN MEMBRO DA CORPORACIÓN

Artigo 135

A comparecencia ante o Pleno dun membro da Corporación que teña responsabilidade nunha determinada Área ou Servizo será obrigatoria se o Pleno así o acorda. A petición, debidamente motivada incluirá as preguntas que se formulen.

Unha vez acordada a comparecencia polo Pleno, o/a presidente/a incluíraa na Orde do Día da seguinte sesión ordinaria que celebre, comunicando ao interesado as preguntas que se lle formulen sobre a súa actuación cunha antelación mínima de cinco días á celebración da devandita sesión.

No desenvolvemento das comparecencias seguirase o procedemento establecido nos artigos 130 e seguintes do presente Regulamento e deberá averse expresamente ás preguntas formuladas.

MOCIÓN DE CENSURA E CUESTIÓN DE CONFIANZA

Artigo 136

Rexeranse polo sinalado na lexislación vixente.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Sección 3ª. - Control polas Comisi3ns Informativas.

Artigo 137

Os deputados delegados que desempeñen responsabilidades nunha Área de xestión, estarán obrigados a comparecer ante a Comisión Informativa cando esta así o acorde, co obxecto de responder ás preguntas que se lles formulen sobre a súa actuación.

Acordada a comparecencia mencionada no apartado anterior, incluírase o asunto na orde do día da próxima sesión da Comisión Informativa, notificando ao interesado o acordo adoptado e a data en que se celebrará a sesión en que deberá comparecer. Entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.

O comparecente contestará a todas as preguntas que lle formulen os Grupos Políticos das Comisi3ns Informativas. En ningún caso poderán adoptarse acordos sen que previamente se declararan de urxencia.

A comisión, por proposta do presidente/a, ou polo menos da cuarta parte dos membros corporativos, poderá acordar a celebración dunha sesión extraordinaria cuxo obxecto sexa someter a debate a xestión da Xunta de Goberno.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Artigo 138

O desenvolvemento da sesión a que fai referencia o apartado anterior suxeitarase ao establecido con carácter xeral, intervindo en primeiro lugar o autor da proposta para explicar o seu significado. Contestará un membro da Xunta de Goberno designado por esta e, despois de senllas quendas de réplica, poderán intervir os demais grupos políticos da Corporación para formular preguntas á Xunta de Goberno, que serán contestadas por un membro desta.

Como consecuencia do debate poderá presentarse unha moción co obxecto de que o Pleno manfeste a súa posición sobre a xestión da Xunta de Goberno. Se o Pleno admite debater a moción, esta incluírase na orde do día na seguinte sesión plenaria, ordinaria ou extraordinaria.

TÍTULO V

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Artigo 139

A Deputación, con cargo ao presuposto anual subvencionará ás asociacións inscritas nos Rexistros Autonómicos, constituídas para a defensa dos intereses xerais e sectoriais que teñan o domicilio social nalgún dos municipios da provincia ou



DEPUTACIÓN DE LUGO

desenvolvan a súa actividade.

A concesión destas axudas económicas rexerese pola Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación e polas Bases Específicas que regulen concretamente cada convocatoria. Nas referidas Bases deberá, en todo caso, figurar o baremo e os obxectivos para valorar a concesión.

As asociacións inscritas regulamentariamente, poderán acceder ao uso dos medios públicos da Deputación Provincial, especialmente das instalacións e locais, coas limitacións que impoñan as necesidades da propia Deputación.

Disposición Derrogatoria

Queda derrogado o Regulamento Orgánico da Excma. Deputación Provincial de Lugo, que foi aprobado en sesión do Pleno da Corporación o 27 de xaneiro de 1986 e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia nº 33 do 10 de febreiro de 1986.

Disposición final.

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.